

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 22 DE DECEMBRO DE 2022,
BAIXO A PRESIDENCIA DE
ALFONSO RUEDA VALENZUELA**

DECRETOS

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Decreto polo que se regulan determinados aspectos da organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e actividades recreativas e se constitúe o Rexistro de empresas e establecementos.
- Decreto polo que se crea o Consello Galego da Arquitectura Técnica e se aproban os seus estatutos.

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Decreto polo que se aproba a oferta de emprego público correspondente a prazas de persoal funcionario e laboral da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022.

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Decreto polo que se aproba o texto consolidado e a addenda ao convenio entre a Xunta de Galicia e Autoestradas de Galicia, Autopistas de Galicia, concesionaria da Xunta de Galicia, S.A. polo que se establecen as achegas extraordinarias para mitigar o impacto da subida de tarifas dos anos 2022 e 2023 e se regulan as bonificacións da peaxe das autoestradas A Coruña - Carballo (AG-55) e Puxeiros - Val Miñor (AG-57).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Decreto polo que se crea a categoría estatutaria de dietista-nutricionista do Servizo Galego de Saúde.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Decreto polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN

- Acordo polo que se autoriza eximir da constitución de garantías no pagamento anticipado derivado das bases reguladoras das axudas á implantación de solucións avanzadas para o desenvolvemento da economía circular para o ano 2023, susceptibles de ser cofinanciadas no marco do programa operativo Feder Galicia 2021-2027, por un importe total de un millón cincocentos mil euros (1.500.000 €).

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Acordo polo que se toma razón do balance das actuacións levadas a cabo pola Axencia Turismo de Galicia no ano 2022 para a mellora dos establecementos turísticos e dinamización do sector
- Acordo polo que se toma razón da convocatoria de axudas a clubs, sociedades anónimas deportivas, seccións deportivas e núcleos de adestramento deportivo especializado de Galicia para o desenvolvemento de actividades deportivas no exercicio 2023.
- Acordo polo que se autoriza a concesión de anticipos de ata o 100 % do importe das subvencións que se concedan ao abeiro da Orde da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións para o ano 2023, en réxime de concorrencia competitiva, dentro do Plan específico de acción comunitaria destinado a asociación veciñais, confederacións, federacións ou unións de asociacións de veciños, comunidades de usuarios de augas e asociacións de mulleres rurais de Galicia, (código de procedemento PR487A), por importe de tres millóns de euros (3.000.000,00 €), tramitado como expediente anticipado de gasto.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Padrón para a execución da actuación de mellora do abastecemento do sistema da marxe dereita da ría de Arousa. Ampliación da ETAP do sistema de abastecemento ao Barbanza. Padrón (A Coruña), Plan de recuperación, transformación e resiliencia –Financiado pola Unión Europea – NextgenerationEU, por importe de dez millóns cen mil euros (10.100.000,00 €), tramitado como expediente anticipado de gasto.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e a Axencia Galega de Infraestruturas, e a Autoridade Portuaria da Coruña para a redacción do proxecto e execución da obra da estrutura flotante na zona do Parrote do porto da Coruña para a realización de actividades de recreo náutico deportivas, por un importe total de tres millóns cento dous mil catrocentos sesenta e cinco euros con corenta e un céntimos (3.102.465,41 €).

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura de 29 acordos de financiamento do Programa de axuda ás actuacións de rehabilitación a nivel de barrio, do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea-Next Generation EU no seo da Comisión Bilateral de Seguimento, por un importe de trinta e tres millóns de euros (33.000.000,00€).

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

- Acordo polo que se autoriza a modificación dos estatutos da Fundación Museo do Mar de Galicia por adquisición do carácter de fundación do sector público autonómico.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade a eximir da constitución de garantías e incrementar as porcentaxes máximas dos pagamentos anticipados das axudas que poderán ser concedidas, de conformidade co previsto nos artigos 63 e 67 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, na Orde da Consellería de Emprego e Igualdade pola que se establecen as bases reguladoras das axudas ás empresas de inserción (EI) e ás súas entidades promotoras, e se procede á súa convocatoria para o ano 2023, por importe dun millón douscentos corenta mil euros (1.240.000,00 €), tramitado como expediente anticipado de gasto.
- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, a adquirir compromisos de gasto de carácter plurianual de conformidade co previsto no artigo 58.1.b) do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, na orde pola que se establecen, para o período 2023-2025, as bases reguladoras polas que se rexerán as accións formativas do Plan de formación para o emprego (persoas traballadoras ocupadas) e se procede á súa primeira convocatoria para os exercicios 2023-2024), por importe de sete millóns setecentos setenta e dous mil trescentos trinta e catro euros (7.772.334 €), tramitado como expediente anticipado de gasto.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a prorroga para o 2023 do contrato programa da Fundación Pública de Urgencias Sanitarias de Galicia 061 para a coordinación e prestación de servizos de urxencias médicas no período 2021-2022, por importe de setenta e tres millóns oitocentos corenta e cinco mil seiscentos corenta e oito euros (73.845.648,00 €).

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Xuventude e a Deputación Provincial da Coruña, para a atención de menores no centro residencial Fogar Infantil Emilio Romay no ano 2023. Importe total: trescentos vinte e cinco mil novecentos catro euros con oitenta e cinco céntimos (325.904,85 €). Tramitación anticipada do gasto.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a concesión directa de subvencións ás federacións e asociacións do ámbito da discapacidade, para o financiamento das actualizacións salariais derivadas do XV Convenio colectivo xeral de centros e servizos de atención a persoas con discapacidade, así como a establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior ao recollido no regulamento de subvencións. Importe total: tres millóns catrocentos noventa mil novecentos oitenta e dous euros con vinte e nove céntimos (3.490.982,29 €).
- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Política Social e Xuventude a adquirir compromisos de carácter plurianual e a exención das garantías ao abeiro do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na orde pola que se establecen as bases polas que se rexerá a concesión da axuda económica, a través da tarxeta Benvida, para as familias con fillas e fillos nados, adoptados/as ou declaradas en situación de garda con fins adoptivos no ano 2023 e se procede á súa convocatoria (código de procedemento BS403B). Tramitación anticipada do gasto. Importe total: trinta e un millóns catrocentos noventa e catro mil setenta e un euros (31.494.071,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de gasto relativo ao procedemento de asignación do concerto social da execución do Programa de avaliación e tratamento terapéutico de menores en situación de risco ou desamparo, cofinanciado polo Fondo Social Europeo Plus no marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027 (código de procedemento BS213F). Tramitación anticipada do gasto. Importe do orzamento do programa: un millón oitocentos sesenta e seis mil douscentos setenta e cinco euros con oitenta e dous céntimos (1.866.275,82 €).

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza a Consellería do Medio Rural á exención da achega de garantías na orde pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para a creación de empresas para as persoas agricultoras mozas, financiadas co instrumento de recuperación da Unión Europea (EURI), para o apoio aos investimentos nas explotacións agrícolas e para a creación de empresas para o desenvolvemento de pequenas explotacións, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2014_2020, e se convocan para o ano 2023, por un importe de trinta e oito millóns oitocentos setenta e cinco mil euros (38.875.000,00 €). Tramitación anticipada de gasto.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería do Medio Rural, a Federación Galega de Municipios e Provincias e a Deputación Provincial da Coruña, en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para o desenvolvemento dos grupos de emerxencia supramunicipais, para as anualidades 2023 e 2024, por un importe total de dous millóns seiscentos oitenta e oito mil euros (2.688.000,00 €), cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural no marco do PDR de Galicia 2014-2020, así como a establecer pagamentos anticipados de contía superior ao establecido no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para a concesión dos anticipos nos termos indicados no convenio, tramitado como anticipado de gasto.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería do Medio Rural, a Federación Galega de Municipios e Provincias e a Deputación Provincial de Lugo, en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para o desenvolvemento dos grupos de emerxencia supramunicipais, para o ano 2023, por un importe total de oitocentos corenta mil euros (840.000,00 €), cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural no marco do PDR de Galicia 2014-2020, así como a establecer pagamentos anticipados de contía superior ao establecido no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para a concesión dos anticipos nos termos indicados no convenio, tramitado como anticipado de gasto.
- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio plurianual de colaboración entre a Axencia Galega da Industria Forestal (XERA) e a Universidade de Santiago de Compostela para fomentar o emprego do castiñeiro e a súa contribución na descarbonización do sector da construción, por un importe total de trescentos cincuenta e un mil seiscentos cincuenta e tres euros cun céntimo (351.653,01 €), tramitado como anticipado de gasto.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

INFORMES

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN

- Informe sobre a convocatoria de axudas do programa Bono Enerxía Peme para o ano 2023.

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Informe sobre a prorroga para o ano 2023 dos descontos da Xunta de Galicia nos bonos multiviaxe nos autobuses autonómicos, no transporte da ría de Vigo e no tren de cercanías na área de Ferrol.

CONSELLERÍA DO MAR

- Informe sobre o seguimento e avaliación dos novos retos do desenvolvemento local participativo polos Grupos de Acción Local do sector Pesqueiro (GALP) no marco do FEMP 2014-2020 (informe 2016-2021).

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA O DECRETO QUE REGULA O DESENVOLVEMENTO DA LEI DE ESPECTÁCULOS PÚBLICOS E ACTIVIDADES RECREATIVAS EN GALICIA

- O Consello da Xunta aprobou hoxe o texto, que inclúe o Rexistro de empresas e establecementos vinculados a estes sectores e o procedemento para a súa inscrición
- O decreto recoñece a singularidade das festas e verbenas populares organizadas por agrupacións ou asociacións de veciños ou por comisións de festas
- Regúlase a asistencia sanitaria que se debe exixir en cada tipo de espectáculo público ou actividade recreativa diferenciando entre grandes e pequenos espectáculos

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se regula o desenvolvemento da Lei de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia aprobada en 2017. O texto inclúe distintos aspectos relacionados coa organización destes eventos e dos establecementos e espazos abertos ao público en que se celebren, así como a constitución do Rexistro de empresas e establecementos vinculados a estes sectores.

Deste xeito, dáse resposta á reivindicación dos sectores implicados que teñen manifestado a necesidade da aprobación dun decreto que estableza unha regulación que, pola súa especificidade, non tiña o seu encaixe nunha norma de rango legal.

O decreto aprobado hoxe desenvolverá a norma en ámbitos relacionados coas instalacións portátiles e desmontables, as atraccións itinerantes de feira, os seguros, as festas e verbenas populares recoñecendo a súa singularidade, o dereito de admisión, a asistencia sanitaria, a información e a publicación sobre espectáculos e o novo rexistro.

Canto aos aspectos máis relevantes detállase a documentación e os requisitos técnicos no que atinxe ás instalacións portátiles e desmontables e ás atraccións itinerantes de feira.

En materia de seguros, establécese unha regulación do capital mínimo que deben cubrir as pólizas de seguros de responsabilidade civil, diferenciando por tipoloxía de actividade, por capacidades e se se trata de espazos ao aire libre delimitados ou non delimitados.

Recoñécese a singularidade das festas e verbenas populares organizadas por agrupacións ou asociacións de veciños ou por comisións de festas, que deberán contar cun seguro de responsabilidade civil cunha contía mínima de capital asegurado de 200.000 euros, sen prexuízo da contratación de pólizas de responsabilidade civil específicas por parte de titulares das actividades na festa ou verbena como orquestras ou instalacións portátiles e desmontables.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Por outra banda, regúlase a asistencia sanitaria que se debe exixir en cada tipo de espectáculo público ou actividade recreativa, diferenciando entre grandes e pequenos espectáculos: unha caixa de primeiros auxilios nos establecementos con capacidade inferior a 500 persoas e espazos abertos con cabida menor a 1.000 persoas, mentres que nos locais de 500 a 1.000 persoas e nos espazos abertos con capacidade entre 1.000 e 5.000 persoas tamén se requirirá dispoñer dun lugar para prestar primeiros auxilios e unha persoa con coñecementos acreditados en asistencia sanitaria.

Nos eventos cunha previsión de asistencia superior a 2.000 persoas terá que haber persoal necesario para a prevención e identificación das emerxencias e por riba dos 5.000 asistentes deberase constituír un Posto de Mando Avanzado (PMA) desde o que coordinar os servizos de emerxencias e sanitarios a través do Centro Integrado de Atención ás Emerxencias (CIAE) 112 Galicia. Exixirase tamén como mínimo un vixilante de seguridade por cada 1.000 persoas que asistan ao espectáculo.

O texto fai referencia ao dereito de admisión, sinalando o procedemento para a comunicación das condicións por parte dos concellos, e ao procedemento para a adquisición e cancelación de entradas e abonos.

Apoio unánime

O proxecto de decreto foi informado de xeito favorable por unanimidade dos membros da Comisión de Espectáculos Públicos e Actividades Recreativas de Galicia e conta co informe favorable da Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) e a Comisión de Espectáculos Públicos. Tamén foi adaptado ao informe da asesoría xurídica da Xunta e ao ditame do Consello Consultivo.

Cómpre aclarar que con este regulamento remata o desenvolvemento da norma, que se iniciou en agosto de 2018 coa creación da Comisión de Espectáculos e Actividades Recreativas de Galicia con presenza das asociacións máis representativas dos sectores dos espectáculos públicos, verbenas, ocio, hostalría, así como de asociacións da veciñanza e das persoas consumidoras e usuarias.

Na mesma liña, en setembro de 2019 aprobouse o Catálogo de espectáculos públicos, actividades recreativas e establecementos abertos ao público, actualizando as tipoloxías do anterior, de 2004. Do mesmo xeito, publicouse en outubro de 2020 a orde que determina o horario xeral de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas da comunidade.

Tamén en 2020, aprobouse o decreto que regula o procedemento da autorización da celebración de espectáculos públicos e actividades recreativas que se leven a cabo en máis dun termo municipal dando resposta a un baleiro normativo para os eventos baixo estas denominacións. Ademais, en marzo do ano pasado aprobouse o proxecto de

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

decreto que regulará a actividade de control de acceso aos espectáculos públicos e a actividades recreativas, sempre que dispoñan deste servizo.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE CREA O CONSELLO GALEGO DA ARQUITECTURA TÉCNICA E SE APROBAN OS SEUS ESTATUTOS

- A sede da delegación do Colexio Oficial da Arquitectura Técnica da Coruña en Santiago de Compostela serao tamén do novo ente, constituído polos colexios oficiais da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra
- Os obxectivos son a coordinación dos colexios que o integran e a representación da profesión, as relacións con outras institucións e a Administración autonómica, e a sinatura de convenios a prol dos intereses que defende

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de decreto polo que se crea o Consello Galego da Arquitectura Técnica, integrado polos correspondentes colexios da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra, e se aproban os seus estatutos. A sede do novo ente situarase nas instalacións da delegación do Colexio da Arquitectura Técnica da Coruña en Santiago de Compostela.

O proxecto de decreto aprobado consta de tres artigos nos cales se regula, ademais da creación do Consello Galego e a aprobación dos seus estatutos, a súa publicación e inscrición no Rexistro de Colexios da Comunidade Autónoma de Galicia. Inclúe tamén unha disposición derradeira única relativa á entrada en vigor e un anexo co texto dos estatutos, compostos por seis capítulos, 19 artigos e unha disposición adicional.

A creación do Consello Galego da Arquitectura Técnica enmárcase na Lei de colexios profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia. Trátase dunha corporación de dereito público con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins.

Entre eles establécese a coordinación dos colexios profesionais que o integren e a representación da profesión en Galicia, así como as relacións con outras institucións e coa Administración autonómica a prol dos intereses sociais e profesionais cuxa defensa ten encomendada. Xunto a estes figuran a sinatura de convenios coas administracións públicas, outros colectivos ou empresas que poidan ser de interese e todos aqueles que se establezan de acordo coa lei, os seus estatutos xerais e regulamentos.

Os profesionais da Arquitectura Técnica redactan e coordinan estudos e plans de seguridade e saúde, e realizan taxacións inmobiliarias, estudos de viabilidade, peritaxes, inspeccións e análise de patoloxías da construción, plans de mantemento de edificios e

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

proxectos de demolición. Para o exercicio da profesión requírese título universitario oficial que habilite e a colexiación é obrigatoria.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA AVANZA QUE A OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DA ADMINISTRACIÓN XERAL PARA 2022 ASCENDE A 1.124 PRAZAS, DAS CALES 702 SON DE ACCESO LIBRE

- Destaca que a Xunta “hai anos” que solicitou sen éxito ao Goberno central que eliminase a taxa de reposición para poder convocar máis postos de traballo
- Subliña que a oferta tamén inclúe 422 prazas de promoción interna
- O maior número de prazas concéntrase na escala técnica de orientación laboral (130 prazas) ou na especialidade de persoal de limpeza e cociña (70 prazas)
- No eido administrativo destacan 50 prazas para o corpo administrativo (C1) e outras 50 para o auxiliar (C2)
- Por outra banda, prevese a convocatoria de 1.349 prazas para continuar coa terceira fase do proceso voluntario de funcionarización do persoal laboral fixo

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou de que o Consello aprobou hoxe o decreto de oferta de emprego público (OEP) da Administración xeral da Comunidade Autónoma para o ano 2022 que ascende a 1.124 prazas, das que 702 prazas son de acceso libre e 422 de promoción interna. “Isto permitirá reforzar o cadro de persoal da Xunta e garantir o dereito á promoción profesional dos empregados públicos”, indicou.

Rueda resaltou que Galicia “hai anos” que reclama ao Goberno central “a eliminación dunha taxa de reposición” que só permite “ofertar prazas para cubrir baixas por xubilación, falecemento, excedencia ou renuncia”. O presidente lamentou que malia estas peticións compartidas co resto das CC.AA., o Executivo central desoíu reiteradamente todas as peticións.

Con esta nova oferta de prazas, o Goberno galego esgota un ano máis a taxa de reposición imposta polo Goberno central a todas as administracións.

O decreto apróbbase logo de recibir o voto favorable dos sindicatos CC.OO. e UXT e será publicado nos vindeiros días no Diario Oficial de Galicia (DOG). Esta oferta de prazas ten a finalidade de garantir a posibilidade de que calquera persoa que cumpra os requisitos poida acceder a un posto de traballo de alta calidade na Xunta de Galicia, garantir tamén o dereito á promoción profesional dos empregados públicos, e continuar co proceso de funcionarización voluntaria do persoal laboral fixo.

Prazas de acceso libre

O maior número de prazas de acceso libre concéntrase na escala técnica de orientación laboral con 130 prazas, e na especialidade de persoal de limpeza e cociña con 70 prazas. Tamén se inclúen 55 prazas para a escala de persoal de servizos xerais (PSX), 38 prazas para a escala de axentes técnicos en xestión ambiental, 30 prazas para a escala de

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

auxiliar de clínica, 25 prazas para a escala de axentes técnicos facultativos especialidade educación infantil e 25 prazas para a escala de veterinarios.

En canto ao eido administrativo destacan 30 prazas para o corpo superior (A1), 30 para o corpo de xestión (A2), 50 prazas para o corpo administrativo (C1), 50 para corpo auxiliar (C2), ou outras 45 prazas para a agrupación profesional (AP) escala de subalterno.

A todas estas prazas poderá acceder calquera persoa que cumpra os requisitos exixidos nas correspondentes convocatorias; as probas desenvolveranse a través do sistema de concurso-oposición, garantindo a aplicación dos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade, e respectando a libre concorrència.

Promoción interna e funcionarización

Ás prazas de acceso libre súmanse outras 422 prazas para a promoción interna de persoal funcionario, uns procesos reservados a empregados públicos que xa son funcionarios e que poden acadar un ascenso ou promoción profesional a postos de traballo de maior responsabilidade e retribución.

Finalmente, tal e como anunciou Rueda tamén se prevé a convocatoria doutras 1.349 prazas para continuar coa terceira fase do proceso de funcionarización voluntaria do persoal laboral fixo pactado no Acordo de concertación para a mellora das condicións do emprego público, asinado en 2019 cos sindicatos CC.OO. e UXT.

A diferenza da promoción interna, estas probas non teñen carácter competitivo, senón que permitirán modificar o réxime xurídico do traballador, que pasará de ser empregado laboral fixo a funcionario de carreira da Administración.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
1. Acceso libre (702 prazas)

Administración xeral	Total
Corpo superior (subgrupo A1)	30
Escala de sistemas e tecnoloxía da información (A1)	16
Escala de letrados (A1)	10
Escala superior de orientación laboral (A1)	6
Escala superior de estatísticos (A1)	2
Corpo de xestión (subgrupo A2)	30
Escala técnica de orientación laboral (A2)	130
Escala técnica de estatísticos (A2)	2
Corpo administrativo (subgrupo C1)	50
Corpo auxiliar (subgrupo C2)	50
Escala de persoal de servizos xerais (PSX) (C2)	55
Agrupación profesional de persoal subalterno (grupo AP)	45
Escala de persoal de limpeza e recursos naturais e forestais (AP)	
Especialidade de persoal de limpeza e cociña	70
Especialidade de persoal de recursos naturais e forestais	5
Administración especial	Total
Corpo facultativo superior (subgrupo A1)	
Escala de veterinarios (A1)	25
Escala de ciencias (A1)	
Especialidade de bioloxía	10
Escala de facultativos (A1)	
Especialidade de medicina	15
Corpo facultativo de grao medio (subgrupo A2)	

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
 15704, Santiago de Compostela
 T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Escala técnica de facultativos (A2)	
Especialidade en enfermaría	15
Corpo de técnicos de carácter facultativo (Grupo B)	
Escala técnica de axentes técnicos facultativos	
Especialidade de educación infantil	25
Escala de axentes técnicos en xestión ambiental	38
Corpo de axudantes de carácter facultativo (subgrupo C1)	
Escala do Servizo de Gardacostas de Galicia (C1)	
Especialidade patrón	10
Especialidade mecánico	13
Escala técnica de conducción	20
Corpo de auxiliares de carácter técnico (subgrupo C2)	
Escala de auxiliar de clínica (C2)	30

2. Promoción interna (422 prazas)

Administración xeral	Total
Corpo superior (subgrupo A1)	20
Corpo de xestión (subgrupo 2)	90
Corpo administrativo (subgrupo C1)	182
Corpo auxiliar (subgrupo C2)	65
Escala de persoal de servizos xerais (PSX) (C2)	65

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA MODIFICA O CONVENIO COA CONCESIONARIA DAS AUTOESTRADAS AUTONÓMICAS PARA CONXELAR AS PEAXES E SEGUIR BONIFICÁNDOAS EN 2023, O QUE BENEFICIARÁ A 26.500 GALEGOS AO DÍA

- O presidente do Goberno galego resalta que, deste xeito, as autoestradas autonómicas de Galicia “seguirán a ser as máis baratas de toda España”
- Anuncia que contactou co Ministerio para reclamar que as vías de titularidade estatal tamén conxelen as tarifas no vindeiro ano
- A Xunta autoriza a modificación do convenio con *Autopistas de Galicia* para mitigar o impacto do IPC nas tarifas, incrementando o esforzo xa realizado en 2022
- Os orzamentos da Xunta do vindeiro ano reservan unha partida de 4,8 M€ para evitar a suba e manter as bonificacións vixentes nas peaxes das autoestradas A Coruña-Carballo (AG-55) e do Val Miñor (AG-57)
- As autoestradas autonómicas seguirán sendo das máis baratas de España, cun custo medio por quilómetro inferior ao das vías estatais AP-9 e AP-53
- Manteranse as bonificacións establecidas por recorrencia, en horario nocturno ou para as familias numerosas, o que suporá un investimento da Xunta no vindeiro ano estimado en 1,52 M€

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou de que o Consello autorizou hoxe que o Goberno galego conxele en 2023 as tarifas das peaxes das autoestradas autonómicas A Coruña-Carballo (AG-55) e do Val Miñor (AG-57) para contrarrestar e mitigar os efectos do incremento do IPC nas tarifas. “As autoestradas autonómicas galegas xa son as máis baratas de toda España e queremos que o sigan sendo”, resaltou Rueda, quen anunciou que a Xunta xa se puxo en contacto co Goberno central para demandar a conxelación das peaxes nas vías de titularidade estatal.

Rueda destacou que, de non tomar esta medida, as tarifas terían que “incrementarse un 7%” e salientou que a conxelación vai beneficiar aos “preto de 27.000 usuarios diarios” que teñen estas dúas vías.

O Consello da Xunta aprobou hoxe unha nova modificación do convenio coa concesionaria Autoestradas de Galicia pola que se prorrogan as tarifas nas autoestradas autonómicas, que xa no 2022 se reduciron a menos da metade do que lle correspondería polo incremento do IPC.

O Goberno galego reserva nas contas do vindeiro ano 2023 unha partida de 4,8 M€ para conxelar as peaxes e manter as bonificacións vixentes nas autoestradas autonómicas AG-55 e AG-57, o que supón un incremento do 86 %.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Segundo o recollido no novo contrato coa concesionaria autorizado hoxe e que se asinará nos vindeiros días, o Goberno galego achegará 2 M€ para limitarlles aos cidadáns o impacto da suba do IPC nas peaxes das autoestradas autonómicas, manténdose sen variacións as tarifas actualmente vixentes.

A Xunta, con esta medida, trata de minimizar o impacto económico que están sufrindo as familias e as empresas como consecuencia da situación económica actual e a suba do IPC.

Neste sentido, a Xunta promove unha nova modificación do convenio coa concesionaria para conxelar as peaxes no vindeiro 2023, manténdose así as tarifas sen variación algunha para o usuario con respecto a este ano 2022.

Deste xeito, as peaxes na AG-55 e na AG-57 manteñen as tarifas vixentes para os distintos itinerarios, beneficiándose do efecto desta medida nos diferentes treitos.

Bonificacións

As autoestradas autonómicas, das máis baratas de España, contan con distintas liñas de bonificacións impulsadas pola Xunta.

A día de hoxe, as autoestradas autonómicas manteñen o custo medio por quilómetro aboado polos usuarios máis baixo de Galicia: máis baixo que o da AP-9, aínda a pesar das bonificacións vixentes, e tamén máis baixo que a outra autoestrada estatal AP-53, na que non existe ningún tipo de bonificación. As tarifas das autoestradas autonómicas, sen IVE, sitúanse en 5,6 céntimos/km, fronte aos 6,1 céntimos/km de tarifa media da AP-9; ou os 7,7 céntimos/km da AP-53.

Con esta medida impulsada pola Xunta, as autoestradas autonómicas seguirán sendo das máis baratas de España, cun custo medio por quilómetro inferior ao das autoestradas estatais AP-9 e AP-53.

Cómpre lembrar que o Goberno galego ampliou no ano 2021 o desconto do 25 % da volta, e do 50 % na segunda volta, aos usuarios recorrentes ata as 24 horas posteriores á realización da viaxe de ida.

Con esa modificación, estendeuse ás 24 horas despois do traxecto de ida o desconto do 25 % da viaxe de volta, e do 50 % na segunda viaxe de volta. Reforzouse así o anterior período de bonificación que establecía que a volta debía realizarse no mesmo día natural que a ida, favorecendo as persoas que se desprazan por estas vías para acceder aos servizos públicos ou acceder ao seu lugar de traballo.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Demanda ao Goberno central

O presidente da Xunta tamén fixo alusión durante a rolda de prensa tras o Consello ao anuncio do Goberno central de que vai asumir parte da suba anunciada cara o 2023 nas autoestradas galegas de titularidade estatal como a AP-9. "Celebremos que se impida unha suba tan grande como a anunciada, pero é unha medida decepcionante", resaltou Rueda, quen indicou que a Xunta púxose en contacto co Ministerio para demandarlle que "faga o mesmo ca Xunta e conxele as peaxes" nestas vías. "Non pedimos nada que non se poda facer", resaltou o presidente, quen instou ao Goberno a rectificar para reducir o impacto que esta suba vai ter para as familias e as empresas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CREA A CATEGORÍA DE DIETISTA-NUTRICIONISTA PARA APOIAR OS CENTROS DE ATENCIÓN PRIMARIA

- O Goberno galego inicia de inmediato un programa piloto para incorporar un total de 94 nutricionistas na atención primaria
- A nova categoría podería estenderse, igualmente, ao ámbito da atención hospitalaria
- O fomento da alimentación equilibrada é un dos piares do Plan de obesidade zero 2022-2030 impulsado pola Xunta e aprobado polo Parlamento de Galicia

O Consello da Xunta aprobou o decreto polo que se crea a categoría estatutaria de dietista-nutricionista do Servizo Galego de Saúde, completando así un proceso de elaboración que se iniciou en febreiro deste ano coa exposición pública do proxecto do decreto e que contou coa participación das organizacións sindicais na Mesa Sectorial.

De xeito paralelo á creación desta nova categoría, e como expresión de actuar no ámbito da dieta e a nutrición, a Xunta inicia un programa piloto a través do que comezarán a traballar de xeito inmediato no Sergas un total de 94 nutricionistas na atención primaria, para a mellora da capacidade diagnóstica neste nivel asistencial. Así, a partir da vindeira semana, toda a poboación galega, tanto de idade adulta como pediátrica, terá acceso a un novo servizo na atención primaria.

Os novos profesionais estarán repartidos nas sete áreas sanitarias. Así, 18 estarán na Área Sanitaria da Coruña e Cee; 7 na de Ferrol; 16 na de Santiago e Barbanza; 15 na de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos; 13 na de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras; 15 na de Vigo; e 10 na de Pontevedra e O Salnés.

O decreto non restrinxe as actividades da nova categoría ao ámbito da atención primaria, e podería estenderse, igualmente, ao ámbito da atención hospitalaria (dietas, prevención da desnutrición, valoración do estado nutricional, etc.).

Sinalar, así mesmo, que xa está creada a categoría de técnico de formación profesional en nutrición e dietética, que actualmente traballan en hospitais. A día de hoxe, hai 28 profesionais vinculados a esta categoría.

Funcións

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Este persoal que se incorpora por primeira vez nas institucións sanitarias da rede do Sergas traballará con pacientes con patoloxías crónicas, como a diabetes, a hipertensión arterial, dislipemia (colesterol alto) ou a obesidade.

Para o desempeño desta categoría é preciso posuír o título universitario de diplomado ou graduado en Nutrición Humana e Dietética.

Entre as funcións deste profesionais estarán a realización de valoracións do estado nutricional; dar soporte na prescrición de dietas e consellos alimentarios; identificar os factores de risco e as prácticas dietéticas inadecuadas mediante cuestionarios de cribado e rexistros dietéticos; e colaborar no soporte nutricional domiciliario nas funcións que lle son propias.

Xunto ao anterior, tamén elaborarán dietas estandarizadas; participarán en programas de información e educación alimentaria e nutricional, preventivos ou terapéuticos; e tamén participarán na formación continuada do resto do persoal sanitario en materia de dietética e nutrición, así como na coordinación en materia de dietética e nutrición entre diferentes ámbitos asistenciais.

Saúde comunitaria e Plan de obesidade zero

Entre as liñas de actuación da Xunta no ámbito da atención primaria figura definir e impulsar unha estratexia de saúde comunitaria que integre, entre outros, aqueles factores que, como a dieta, están relacionados co estilo de vida. O Executivo galego tamén considera estratéxico conectar os equipos de atención primaria con algunhas funcións, entre elas as propias dos nutricionistas, que cada vez serán máis necesarias para a prestación dos coidados, que necesitan determinados pacientes.

A nova norma, creando no Sergas unha categoría que se corresponde coa profesión de dietista-nutricionista, atende fundamentalmente á liña estratéxica do ámbito do primeiro nivel asistencial que é a referida ao fomento das dietas saudables e as axustadas ás necesidades dos pacientes e aos coidados que precisan.

O fomento da alimentación equilibrada está considerado como un dos factores protectores fronte á obesidade no Plan de obesidade zero 2022-2030, a folla de ruta do Goberno galego contra este problema de saúde que foi aprobada o pasado setembro polo Parlamento de Galicia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA POTENCIARÁ O PAPEL DAS SÚAS OFICINAS NO RURAL PARA MELLORAR A ATENCIÓN Á POBOACIÓN

- O Consello da Xunta vén de coñecer hoxe o decreto polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural e que refunde modificacións anteriores
- Entre as novidades destacan o cambio de denominación das oficinas agrarias comarcais, que pasarán a denominarse oficinas rurais, e a supresión da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural, cuxos órganos e unidades quedarán adscritos á Axencia Galega de Desenvolvemento Rural

O Consello da Xunta vén de dar luz verde hoxe ao decreto da Consellería do Medio Rural polo que se establece a súa estrutura orgánica e que refunde modificacións anteriores. Deste xeito, plásmase unha estrutura e funcións da consellería acordes cos principios de eficiencia e cumprimento tanto dos obxectivos fixados como da asignación e utilización dos recursos públicos.

Entre as novidades máis salientables está o cambio de denominación das oficinas agrarias comarcais, que pasarán a ser oficinas rurais, potenciando así o seu papel e as súas funcións. Deste xeito, este cambio responde a unha regulación máis racional das actuacións a desenvolver nelas, polo que a nova denominación é máis acorde e axeitada ao seu ámbito e funcións. En definitiva, trátase de mellorar a atención que se presta á poboación do rural a través destas antenas no territorio.

Doutra banda, destaca tamén a supresión da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural que se integrará na Axencia Galega de Desenvolvemento Rural. Como consecuencia da supresión, que está supeditada á aprobación dos novos estatutos da Axencia-actualmente en tramitación-, redúcese o número de centros directivos da Xunta ao tempo que se gaña en eficiencia na utilización dos recursos públicos mantendo, ademais, as mesmas competencias.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA IMPULSA AXUDAS DE ECONOMÍA CIRCULAR PARA PROMOVER ENTRE AS PEMES GALEGAS NOVOS PROCESOS PRODUTIVOS E UN CONSUMO MÁIS EFICIENTE

- O programa suma 1,5 millóns de euros para apoiar modelos de negocio circulares mediante a optimización de recursos, a redución no consumo de materias primas e o aproveitamento dos residuos
- As axudas serán do 35 % dos investimentos para as pequenas empresas e do 25 % para as medianas, cun límite máximo subvencionable de 200.000 euros nos proxectos colectivos e de 75.000 euros en iniciativas individuais
- Os beneficiarios poderán solicitar anticipos de ata o 50 % do importe dos apoios, centrados, entre outros, na instalación de sistemas de medición de parámetros produtivos e ambientais; de hardware e software intelixente para a optimización dos recursos; ou na adquisición de maquinaria para reemprego ou reciclaxe de refugallos
- Ao abeiro da nova Lei de implantación empresarial, outorgaráselles unha puntuación superior aos proxectos que se desenvolvan en concellos emprendedores

O Consello da Xunta avaliou hoxe a próxima activación da segunda edición da liña de axudas impulsada pola Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación de cara a promover a economía circular entre o tecido produtivo galego, na procura de mellorar a competitividade das pemes e do colectivo autónomo impulsando novos procesos e un consumo máis eficiente.

O programa, centrado na implantación de solucións avanzadas para o desenvolvemento da economía circular, conta cun importe de 1,5 millóns para 2023, e prevese que se poidan apoiar arredor de medio cento de proxectos, tanto individuais como colectivos. O obxectivo é promover novos modelos de negocio circulares mediante a optimización de recursos, a redución no consumo de materias primas e o aproveitamento dos residuos.

En réxime de concorrencia competitiva, os apoios serán do 35 % dos investimentos materiais e inmateriais subvencionables para as pequenas empresas, e do 25 % para as medianas, cun límite máximo subvencionable de 200.000 euros nos proxectos colectivos e de 75.000 euros en proxectos individuais.

Os beneficiarios poderán solicitar anticipos de ata o 50 % do importe dos apoios, centrados, entre outros, na instalación de sistemas de medición de parámetros produtivos e ambientais, de hardware e software intelixente para a optimización dos recursos, ou na adquisición de nova maquinaria para reemprego ou reciclaxe de residuos.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Así mesmo, cómpre destacar, entre os criterios de valoración, a maior puntuación daqueles proxectos que se leven a cabo en localidades que teñan sido declaradas como concellos emprendedores.

Os proxectos propostos deben cumprir distintos obxectivos, entre os que destacan a redución do consumo de recursos no proceso produtivo, a facilidade para a seu reemprego ou reciclaxe, a creación de cadeas de valor máis curtas, ou a implementación de novas oportunidades de negocio que persigan a reparación dos produtos.

Deste xeito, o Goberno galego dá un paso máis na Estratexia Galega de Economía Circular, que establece como principios básicos para a transición cara a este modelo económico, a redución, reemprego e reciclaxe e as estratexias de deseño sustentable. Así, a través deste programa achéganse axudas directas para facilitar os investimentos das pemes e autónomos de cara á posta en marcha de proxectos para o desenvolvemento da economía circular, o que se traducirá nun aforro de recursos e enerxía e favorecerá o reemprego dos refugallos. Con respecto á primeira edición, convocada cun orzamento de 1,5 millóns de euros, estanse neste momento avaliando as propostas recibidas.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINOU MÁIS DE 27 MILLÓNS DE EUROS Á CALIDADE, PROFESIONALIZACIÓN, INNOVACIÓN E SOSTIBILIDADE DO SECTOR TURÍSTICO GALEGO

- Do investimento total realizado pola Axencia de Turismo de Galicia, 19,7 millóns de euros foron a liñas de axudas e 7,4 millóns de euros a convenios
- Este investimento englobase no Plan Camiña 2022, con achegas das que se beneficiaron empresarios turísticos, persoas físicas, concellos e asociacións sen ánimo de lucro
- Debido ás sinerxías das distintas convocatorias, o sector turístico tamén se ve beneficiado das convocatorias dirixidas a outros colectivos, como foi o caso do bono turístico, onde os beneficiarios son persoas físicas e son directamente afectados da inxección os empresarios turísticos

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe o proxecto de acordo polo que se toma razón do balance das actuacións levadas a cabo pola Axencia Turismo de Galicia no ano 2022 para a mellora dos establecementos turísticos e dinamización do sector. No marco do Plan Camiña 2022, se destinaron 27,2 millóns de euros ao sector turístico galego, que contribuíron á mellora da calidade, profesionalización, innovación e sostibilidade da oferta turística galega.

A Axencia Turismo de Galicia ten entre as súas finalidades potenciar a oferta turística galega, a través de medidas de fomento que permitan modernizar e profesionalizar o sector turístico e as súas infraestruturas, e mellorar a calidade e a competitividade da oferta turística, polo que neste segundo Ano Santo contribuíu ao reforzo en materia de servizos, promoción e posta en valor do Camiño de Santiago, os seus itinerarios e a cultura xacobeá.

Cómpre destacar que o maior volume de subvencións estivo dirixido aos empresarios turísticos, aos que se dirixiron a maior parte das axudas, xa que recibiron 14,1 millóns de euros. Tamén contaron con estas axudas persoas físicas, concellos e asociacións sen ánimo de lucro. Ademais, é importante sinalar que, debido ás sinerxías das distintas convocatorias, o sector turístico tamén se ve beneficiado das convocatorias dirixidas a outros colectivos. Este sería o caso do bono turístico, onde os beneficiarios son persoas físicas pero os directamente afectados da inxección deste orzamento son os empresarios turísticos.

As diferentes liñas de axudas e convenios impulsados pola Axencia de Turismo de Galicia teñen un dobre obxectivo, por unha banda, seguir afondando no proceso de reactivación e consolidación da recuperación do sector turístico así como nas medidas de transformación precisas para dar resposta aos cambios que están a operarse no

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

modelo turístico galego; e por outra banda, combinar as axudas con iniciativas de estímulo do consumo turístico ao tempo que se segue a impulsar a renovación do sector cun incremento substancial do orzamento que busca a mellora na calidade dos servizos turísticos

De xeito singular cómpre destacar na liña de traballo de fomento deste ano as axudas específicas para apoio ao tecido asociativo do sector turístico, infraestruturas, implantación de equipamentos postcovid e para a súa modernización e dixitalización; ou a creación dunha nova liña de axudas para albergues privados, entre outras.

Liñas de axuda

Este ano o sector contou con 11 liñas de axudas, entre as que destacan a mellora das infraestruturas dos establecementos turísticos de aloxamento e de restauración; as axudas para a mellora paisaxística e de embelecemento de bens e recursos que se atopen no Camiño de Santiago; ou as axudas a concellos de ata 10.000 habitantes para actuacións de mellora das infraestruturas turísticas.

Tamén se habilitaron subvencións a proxectos de promoción e dinamización do Xacobeo 21-22 dentro do programa O teu Xacobeo, a tarxeta Bono turístico #QuedamosenGalicia22, axudas para o mantemento da marca Q de Calidade Turística, para axencias de viaxes, para investimentos en equipamentos postcovid dos establecementos hostaleiros, para a mellora da calidade dos albergues turísticos, para actuacións de eficiencia enerxética en empresas turísticas e as destinadas ás asociacións de Amigos do Camiño de Santiago e outras entidades sen ánimo de lucro que teñan como finalidade a promoción do Camiño de Santiago.

Convenios de colaboración

Así mesmo, a Axencia de Turismo de Galicia asinou convenios de colaboración con diversas institucións para executar accións que destacan pola súa singularidade, nos que se engloban actuacións como, por exemplo, o acondicionamento paisaxístico do entorno e accesos da carballeira de San Xusto; o proxecto de adecuación e embelecemento na contorna do Balneario de Cortegada; a mellora de infraestruturas turísticas no núcleo de Paradela de Abeleda ou o proxecto de humanización da Fortaleza de Salvaterra de Miño, entre outros.

Foron asinados tamén convenios para a reactivación e promoción do sector turístico, coa finalidade de contribuír á execución de programas relacionados co proceso de modernización, innovación e incremento da calidade a oferta turística do sector, colaborando de xeito decidido na súa modernización e recuperación total trala pandemia. Están tamén incluídos os convenios para programación e servizos vinculados ao Ano e os convenios para a promoción e mellora do Camiño de Santiago.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CONVOCA AS AXUDAS PARA ACTIVIDADE DAS ENTIDADES DEPORTIVAS E CHEGA A PRETO DE 31 MILLÓNS DE EUROS DESDE 2009

_Serán, como de costume, dúas liñas de axudas: 1,91 millóns de euros para clubs, sociedades anónimas e seccións deportivas e outros 90.000 euros para os núcleos de adestramento deportivo especializado

A Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, vén de informar o Consello da Xunta da convocatoria de axudas a clubs, sociedades anónimas deportivas, seccións deportivas e núcleos de adestramento deportivo especializado de Galicia para o desenvolvemento de actividades deportivas no exercicio 2023. O orzamento desta liña de axudas será de novo de 2 millóns de euros, ao igual que en 2022 cando subiu un 5 % respecto ao presuposto de 2021, distribuídos en dúas liñas de axudas: desenvolvemento de actividades deportivas polos clubs, sociedades anónimas e seccións deportivas (1.910.003 euros) e núcleos de adestramento deportivo especializado-NADE (89.997 euros), sendo a axuda máxima por entidade beneficiaria 10.000 euros, na primeira liña, e 29.999 euros na segunda.

En 2022 foron 1.088 as entidades beneficiadas -375 da Coruña, 131 de Lugo, 108 de Ourense e 474 de Pontevedra- cun promedio de axuda de 1.783 euros (un 15 % máis ca en 2021). Coa aprobación desta nova convocatoria, desde 2009, as entidades e clubs deportivos de Galicia terán recibido a través desta liña un total de preto de 31 millóns de euros.

Como protagonistas da segunda liña de axudas, os NADE son unha figura xurdida no ano 2020 ao abeiro do Decreto 165/2020, do 17 de setembro, polo que se regula o deporte de alto nivel, de alto rendemento e de rendemento deportivo de base de Galicia, entendéndose por tales o conxunto de medios humanos e materiais xestionados por unha entidade deportiva que teña por finalidade a preparación técnico-deportiva orientada ao alto nivel ou ao alto rendemento deportivo. O recoñecemento destes núcleos permite abarcar e colaborar nas distintas realidades da preparación da alta dedicación deportiva existente na Comunidade Autónoma. Na actualidade atópanse recoñecidos como NADE seis centros -tres federativos: da Federación Galega de Hóckey en Ourense; da Federación Galega de Surf en Nigrán; e da Federación Galega de Squash en Ames; e outros tres de clubs: do Club Kayak Tudense (Tui), Club Boxeo Kick Boxing (A Coruña) e Club Halterofilia Coruña (A Coruña)-.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Cómpre salientar, como novidade, que nesta edición de 2023 retírase a puntuación mínima que se lle pedía aos clubs de recente creación, nos doce meses anteriores á convocatoria, polo que estas entidades terán máis doado o acceso ás axudas.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINARÁ 3 M€ EN 2023 ÁS AXUDAS PARA AS ASOCIACIÓN DE VECIÑOS E DE MULLERES RURAIS E AS COMUNIDADES DE USUARIOS DE AUGAS DE GALICIA

- As subvencións teñen como finalidade contribuír a mellorar a calidade da vida local e fomentar e dinamizar o asociacionismo veciñal
- As axudas que se conceden poden acadar a totalidade do investimento realizado cun límite máximo por entidade de 12.000 euros para a realización de obras e de 5.000 euros para dotación de equipamentos
- O Goberno galego leva destinados case 19 M€ nos últimos anos nesta orde de axudas a través da que se financian os investimentos nos inmobles da súa titularidade e na adquisición do material necesario para o seu funcionamento

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de acordo polo que se autoriza a convocatoria de subvención para 2023 en réxime de concorrencia competitiva, dentro do Plan específico de acción comunitaria, destinada a asociacións, confederacións, federacións ou unións de asociacións de veciños, comunidades de usuarios de augas e asociacións de mulleres rurais de Galicia, por un importe de 3 millóns de euros.

A Xunta mantén o orzamento destas axudas despois de telo incrementado o ano pasado nun 20 %. O investimento realizado pola Administración autonómica desde 2016 acada os 18,9 millóns de euros, incluídos os 3 millóns previstos para a convocatoria do próximo exercicio.

A través desta orde, o Goberno galego contribúe a mellorar a calidade da vida local e fomentar e dinamizar o asociacionismo veciñal. Deste xeito, poderán ser obxecto de subvención os gastos ocasionados como consecuencia de investimentos realizados en inmobles da titularidade das entidades solicitantes ou sobre os que teña dereito de uso, no caso das asociacións de veciños e de mulleres rurais, así como os equipamentos necesarios para o seu funcionamento, todos eles orientados ao cumprimento dos fins da entidade e o seu funcionamento ordinario, e as obras nas traídas de auga comunitarias.

Así, entre os proxectos subvencionables inclúense dúas liñas, unha delas para obras de acondicionamento, reforma e ampliación dos locais sociais onde as entidades veciñais e de mulleres rurais desenvolven a súa actividade e obras de mellora, reforma e reparación de infraestruturas e instalacións das traídas de auga comunitarias promovidas por comunidades de usuarios de augas.

A outra liña de axudas financia a adquisición de equipamento necesario para o funcionamento das organizacións beneficiarias. En concreto, mobiliario, material de

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

oficina, equipamento informático ou acústico e audiovisual, ademais doutro para actividades específicas.

As axudas económicas que se concedan poderán acadar a totalidade do investimento realizado cun límite máximo por entidade de 12.000 euros para a realización de obras e de 5.000 euros para a dotación de equipamentos.

Poderán ser beneficiarias das subvencións convocadas as asociacións de veciños, confederacións, federacións ou unións de asociacións de veciños, comunidades de usuarios de augas e asociacións de mulleres de auga debidamente inscritas no rexistro público correspondente. No caso das asociacións veciñais ou de mulleres rurais no rexistro de asociacións da comunidade central ou provincial e as comunidades de usuarios de augas no libro de rexistro de augas do correspondente organismo de bacía. Todas elas deberán conter na súa denominación a identificación como asociación de veciños, federación, confederación ou unión de asociación de veciños ou como asociación de mulleres rurais.

A orde tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, mediante a comparación das solicitudes presentadas segundo os criterios de valoración establecidos nela. Ademais, mantense a posibilidade da concesión de anticipos de ata o 100 %, que se farán efectivos unha vez realizada a notificación da subvención, por solicitude da entidade beneficiaria.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA A COLABORACIÓN CO CONCELLO DE PADRÓN PARA A AMPLIACIÓN DA PLANTA DE TRATAMENTO DE AUGA POTABLE NA MARXE DEREITA DA RÍA DE AROUSA, CUN INVESTIMENTO DE 10,1 M€

- Actuarase nas instalacións da rede de abastecemento que subministra auga aos concellos de Boiro, Catoira, Dodro, Padrón, A Pobra do Caramiñal, Pontecesures, Rianxo, Ribeira, Valga e á que tamén está conectado Vilagarcía de Arousa
- Trátase do único sistema de abastecemento en alta en Galicia que xestiona directamente a Xunta, conforme o acordado en 2004 cos concellos beneficiarios
- A Xunta financiará integramente a actuación e prevé licitar as obras nas próximas semanas para iniciais no segundo semestre do 2023 cun prazo de execución de dezaoito meses, incluída a súa posta en marcha
- Mellorarase o actual sistema de abastecemento ante os incrementos de demanda dos concellos aos que se lles subministra auga mediante a execución dunha potabilizadora para a produción dun caudal de 630 litros/segundo ou 54.532 m³/día
- A intervención permitirá incrementar a garantía de abastecemento a unha poboación de case 90.000 habitantes
- De xeito acorde coa Lei de mellora da xestión do ciclo integral da auga, o Goberno galego apoia os concellos que así o desexen nun mellor desenvolvemento das súas competencias municipais de saneamento, abastecemento e depuración

O Consello da Xunta autorizou hoxe a colaboración co Concello de Padrón para a ampliación da estación de tratamento de auga potable na marxe dereita da ría de Arousa, situada neste municipio coruñés, que suporá un investimento autonómico de 10,1 M€.

O Executivo autonómico deulle o visto e prace ao acordo de cooperación entre a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a través de Augas de Galicia, e o Concello de Padrón para actuar nas instalacións da rede de abastecemento en alta, que subministran auga aos concellos de Boiro, Catoira, Dodro, Padrón, A Pobra do Caramiñal, Pontecesures, Rianxo, Ribeira e Valga. A nova instalación permitirá ampliar a capacidade de tratamento de auga e poder servir, de ser o caso, tamén ao concello de Vilagarcía de Arousa, que xa está conectado ao sistema.

O da marxe dereita da ría de Arousa é o único sistema de abastecemento en alta de Galicia que xestiona a Xunta, que o fai conforme o acordado no ano 2004 cos concellos beneficiarios.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

As actuacións teñen como finalidade a ampliación da capacidade de tratamento de auga potable das instalacións co fin de solucionar as actuais limitacións e afrontar con maiores garantías o abastecemento a unha poboación de case 90.000 habitantes.

Segundo establece o convenio autorizado hoxe polo Consello da Xunta, Augas de Galicia asumirá integramente o financiamento, contratación e execución das obras.

Tamén, unha vez rematadas as actuacións, a entidade hidráulica da Xunta seguirá desenvolvendo os servizos de mantemento e conservación deste gran sistema de abastecemento, a través da xestión profesionalizada que procura a Lei de mellora da xestión do ciclo integral da auga, e en conformidade coa colaboración vixente de xestión e explotación da rede de abastecemento en alta á marxe dereita da ría de Arousa.

Pola súa banda, o Concello de Padrón asume a colaboración na realización das xestións pertinentes para posibilitar a execución das obras, así como da procura a Augas de Galicia do uso e da dispoñibilidade das infraestruturas resultantes para a súa xestión, explotación, conservación e mantemento.

Unha vez autorizada hoxe a colaboración, Augas de Galicia prevé licitar as obras nas próximas semanas, co obxectivo de comezar os traballos no segundo semestre de 2023. A actuación conta cun prazo de 18 meses, incluída a posta en marcha das instalacións.

Esta intervención será financiada no marco do Mecanismo de recuperación e resiliencia, establecido polo Regulamento (UE) 2021/241, do Parlamento Europeo e o Consello, do 12 de febreiro de 2021.

Antecedentes e actuacións proxectadas

Esta actuación responde ao traballo de xestión e explotación asumido pola Xunta en que se constatou que o funcionamento da estación potabilizadora de Padrón se atopa a día de hoxe moi limitado debido ao incremento da demanda do sistema, así como á existencia doutras limitacións técnicas.

Mediante esta actuación búscase garantir a adecuada prestación do servizo público de abastecemento en alta aos concellos de Boiro, Catoira, Dodro, Padrón, A Pobra do Caramiñal, Pontecesures, Rianxo, Ribeira, Valga e Vilagarcía de Arousa, a través do conxunto de infraestruturas localizadas no termo municipal de Padrón.

Na actualidade, o caudal real de funcionamento da estación de tratamento de auga potable é superior ao caudal de deseño da planta, polo que a Xunta considera necesario proceder á ampliación da capacidade de tratamento das instalacións co fin de solucionar as actuais limitacións, satisfacer as demandas de auga presentes e futuras e garantir o

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

cumprimento dos parámetros de calidade das augas para o consumo humano exixidos pola normativa vixente.

Para satisfacer esta necesidade, Augas de Galicia redactou as actuación en que se define unha mellora da estación de tratamento de auga potable para a produción dun caudal de 630 litros/segundo ou 54.532 m³/día.

A actuación inclúe o desenvolvemento das intervencións previas necesarias para manter durante a execución das obras o funcionamento da decantación, filtración e bombeo en alta. As obras incluírán tamén a ampliación da liña de auga e de lodos, a instalación de elementos auxiliares, a impermeabilización e reparación dos depósitos de cabeceira e a instalación de equipos de medición destinados a optimizar a xestión da totalidade do sistema.

A potabilizadora de Padrón está situada nas proximidades do núcleo de Casal na parroquia de Carcacia, nas proximidades do río Ulla. Os depósitos de distribución están a uns 350 metros da estación de tratamento.

O obxectivo da actuación impulsada pola Xunta é a de ampliar a capacidade de tratamento da actual potabilizadora de Padrón dotándoa, ademais, dun sistema para a recuperación da auga de lavado de filtros que actualmente son verteduras ao río Ulla.

Tamén se prevé un tratamento de lodos de decantación do que a planta actual non dispón e dun sistema de control que integre tanto os equipos existentes como os que forman parte da ampliación cun sistema de xestión SCADA e un sistema de videovixilancia.

Adicionalmente, na rede de distribución, acometeranse reparacións estruturais nos depósitos de cabeceira do Casal, e dotaranse cunha medida de caudal de saída á rede con lectura en continuo. Así mesmo, instálase un sistema de medición en continuo da calidade de auga nos puntos de entrega en alta e realízase o control de nivel e enchido de depósitos da rede de distribución con medición de nivel en tempo real e instalación de válvulas de control de entrada de auga.

Con estas actuacións a capacidade de tratamento da planta incrementarase dos 225 l/s de deseño inicial da planta, ampliados ata os 450 l/s en 2004, ata os 630 l/s.


De xeito acorde coa Lei de mellora da xestión do ciclo integral da auga, a Xunta apoia os concellos que así o desexen nun mellor desenvolvemento das súas competencias municipais de saneamento, abastecemento e depuración

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O Goberno galego mantén o seu apoio técnico e financeiro aos municipios para que estes poidan prestar de xeito eficaz as súas responsabilidades nos servizos de saneamento, depuración e abastecemento e continuar mellorando a calidade de vida dos galegos e do futuro dos profesionais do mar.

Imaxe da estación de tratamento de auga potable de Padrón:



COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA A COLABORACIÓN COA AUTORIDADE PORTUARIA DA CORUÑA CUN INVESTIMENTO DE 3,1 M€ PARA A EXECUCIÓN DA ESTRUTURA FLOTANTE DO PARROTE, PRIMEIRA ACTUACIÓN DE RECUPERACIÓN DA FACHADA MARÍTIMA

- A Xunta financiará a construción dos equipamentos para a realización de actividades de recreo náutico e de ocio nesta zona do porto achegando o importe maioritario, preto de 2,9 M€, será a encargada de licitar e executará as obras
- A Autoridade Portuaria achegará o orzamento restante e asume a contratación e redacción do proxecto de obra, a posta á disposición dos terreos e a consecución das autorizacións para as actividades náuticas, de lecer e recreativas
- A intervención inclúe unha estrutura de baño, un edificio complementario para as actividades náutico-turísticas e bancadas para achegar o mar aos cidadáns, dotando a cidade dun atractivo turístico en que desenvolver actividades de recreo náutico
- Habilitarase unha plataforma grande e dúas illas: á primeira delas accederase desde a zona principal e terá un perímetro flotante cunha bancada cara á auga e zona para tomar o sol; á segunda illa, separada da estrutura principal, chegarase nadando
- A Xunta mantén o compromiso de blindar o futuro do porto e a recuperación da fachada marítima, cun investimento de 20 M€, mentres se está á espera da firma do Concello, tras cumprirse 1 ano da remisión da proposta de convenio por parte da Autoridade Portuaria
- A Xunta segue traballando en proxectos estratéxicos para a cidade e a súa área, como o Novo CHUAC, cun investimento que superará os 500 M€, ou a intermodal, cuxo proxecto da terminal de autobuses e aparcadoiro está xa en execución

O Consello da Xunta autorizou hoxe o convenio de colaboración coa Autoridade Portuaria da Coruña para a execución da estrutura flotante do Parrote como primeira actuación de recuperación da fachada marítima da cidade, cun investimento de 3,1 M€.

Mediante este acordo de colaboración, a Xunta, a través da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, e a Autoridade Portuaria da Coruña, fíxanse as condicións para a execución da redacción do proxecto e execución da obra da estrutura flotante na zona do Parrote do porto da Coruña para a realización de actividades de recreo náutico.

A Administración autonómica financiará esta actuación, coa achega maioritaria, cun investimento que rolda os 2,9 M€, e levará a cabo a contratación e execución das obras, así como a súa dirección e xestión ata completar a súa finalización.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Pola súa banda, a Autoridade Portuaria da Coruña financiará o importe restante, é dicir, aproximadamente 206.000 euros e redactará o proxecto da obra da estrutura flotante na zona do Parrote.

A entidade portuaria asume, ademais, a posta á disposición e xestión dos terreos, a consecución das autorizacións para desenvolvemento das actividades, náuticas, de lecer e recreativas, e as que sexan exixibles para garantir a calidade das zonas de augas de baño. Tamén se compromete ao mantemento e conservación das instalacións executadas de acordo coa finalidade prevista.

Unha vez asinado o convenio, a Autoridade Portuaria poderá licitar de inmediato a redacción do proxecto de obra, que posteriormente será contratada e executada pola Xunta, co obxectivo de impulsala no 2023.

Mediante este acordo, o Goberno galego, xunto coa Autoridade Portuaria da Coruña, materializarán a súa aposta decidida por blindar o futuro do porto e da recuperación da fachada marítima da cidade coa finalidade de abrir os peiraos interiores para o seu uso e goce polos cidadáns da Coruña.

De acordo cos compromisos recollidos no acordo de colaboración autorizado hoxe polo Goberno galego, actívase a materialización do proxecto de obra e a construción de todos os equipamentos náuticos e de ocio.

Executarase unha estrutura de baño e un edificio complementario para as actividades náutico-turísticas e 150 metros de bancadas para achegar o mar aos cidadáns, dotando a cidade dun novo atractivo turístico en que desenvolver actividades de recreo náutico.

Prevese a execución dun sistema de pasarelas que cumprirá as condicións de accesibilidade ata a estrutura flotante.

En canto ás características técnicas, a estrutura flotante executarase en formigón prefabricado, cun revestimento de madeira para mellorar a comodidade dos usuarios.

Habilitarase unha plataforma grande e dúas pequenas illas que permitirán a actividade lúdica. Á primeira illa accederase desde a zona principal, terá forma de trapecio, un perímetro flotante de madeira cunha bancada cara á auga e zona para tomar o sol; á segunda illa, de forma triangular e separada da estrutura principal, chegarase nadando.

O deseño da infraestrutura está pensado para ser totalmente compatible co marisqueo, polo que estará debidamente balizada, delimitando tamén a zona de baño das zonas de paso de embarcacións e do tránsito marítimo.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Integración urbana da fachada marítima

O impulso da construción desta estrutura é a primeira pedra da contribución do Goberno galego á integración urbana da fachada marítima, un obxectivo para o que comprometeu un investimento de 20 M€, recollido na proposta de acordo coa Autoridade Portuaria e o Concello da Coruña.

A piques de cumprirse un ano, desde outubro de 2021 que a Autoridade Portuaria remitiu a todas as partes a proposta do convenio, séguese agardando aínda a que o Concello da Coruña asine o acordo e avanzar no proxecto do impulso do porto exterior da Coruña para acadar o desenvolvemento económico e social da cidade e da contorna.

A Xunta segue a traballar en distintas actuacións estratéxicas para a cidade da Coruña e da súa área co obxectivo de mellorar a calidade de vida dos coruñeses e dos veciños da contorna, apostando pola recuperación da fachada marítima, impulsando o Novo CHUAC, cun investimento que superará os 500 millóns de euros, ou facendo realidade a estación intermodal, cuxo proxecto da terminal de autobuses e aparcadoiro está xa en execución, cun investimento próximo aos 40 M€, dos cales practicamente a metade son achegados pola Xunta.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA O REPARTO DE 33 M€ PARA ACTUACIÓN S DE REHABILITACIÓN EN 55 CONTORNAS RESIDENCIAIS

- O acordo do Consello permitirá asinar convenios de financiamento con cada un dos 29 concellos beneficiarios da primeira convocatoria das axudas a nivel de barrio
- A contía global que se repartirá triplica o orzamento de 11,48 M€ previsto inicialmente para este ano co fin de poder atender todas as solicitudes recibidas
- Os concellos actuarán como xestores das actuacións a executar dentro dos ámbitos declarados e tramitarán axudas a particulares a través de convocatorias específicas
- Os propietarios poderán acceder a axudas de ata 29.495 € por vivenda unifamiliar e de como máximo 26.750 € se o seu inmovible forma parte dun edificio colectivo, contías que se ampliarán en ata 12.000 € cando a obra inclúa a retirada de amianto

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dos acordos de financiamento necesarios para poder repartir os 33 millóns de euros concedidos a un total de 29 municipios galegos no marco da primeira convocatoria do programa de axuda ás actuacións de rehabilitación a nivel de barrio. Grazas a estes fondos poderanse financiar intervencións de mellora e rehabilitación sobre un total de 55 contornas residenciais localizadas nestes municipios e que albergan entre todas preto de 5.800 vivendas.

O programa a nivel de barrio é unha das liñas novidasas convocadas este ano grazas aos fondos europeos do Plan de recuperación, transformación e resiliencia asignados a Galicia en materia de vivenda e, particularmente, co obxectivo de fomentar a execución de obras e melloras que contribúan a acadar inmovibles máis eficientes e confortables.

O programa foi convocado pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda o pasado mes de xullo cun orzamento de 11,48 millóns de euros. Sen embargo e ante a boa acollida e o interese que espertou na Comunidade, a Xunta propuxo triplicar a contía inicialmente prevista na convocatoria para poder atender todas as solicitudes municipais recibidas, chegando así ata os 33 millóns de euros finalmente concedidos.

En total está previsto que se beneficien destas axudas 55 entornos residenciais de rehabilitación programada (ERRP) declarados nos 29 concellos galegos que recibirán fondos no marco da convocatoria deste ano. Destes 55 ERRP, 42 coinciden con Áreas de rehabilitación integral (ARI) xa declaradas, e ademais, en 5 casos os municipios solicitantes contan tamén cunha Área Rexurbe.

Tras o acordo adoptado hoxe polo Consello, estarase en disposición de asinar nas vindeiras semanas os correspondentes convenios entre o Goberno galego, o Ministerio e cada municipio beneficiario. A partir de aí, deberá ser cada entidade local a que realice a

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

súa propia convocatoria para que os propietarios particulares poidan solicitar axudas para rehabilitar tanto vivendas unifamiliares como edificios residenciais colectivos.

Os concellos, de feito, actuarán como entes xestores das actuacións que se vaian executar e tramitarán directamente as axudas dirixidas aos titulares dos inmobles a rehabilitar dentro do municipio ou da área declarada.

Así, os propietarios terán acceso a axudas de ata 29.495 euros por vivenda unifamiliar e dun máximo de 26.750 euros no caso de que o inmovible sobre o que se vai intervir forme parte dun edificio colectivo. Estas contías, en todo caso, poderán incrementarse en ata un máximo de 12.000 euros se fose necesario retirar elementos con amianto.

O importe final da axuda dependerá tamén do grao de eficiencia enerxética conseguido coa actuación de rehabilitación que se execute, oscilando entre o 40% e o 80% do orzamento subvencionable, aínda que poderá chegar ata o 100% do investimento realizado cando se identifiquen situacións de vulnerabilidade económica nalgún dos propietarios da vivenda.

De igual xeito, os propios concellos tamén poderán beneficiarse dos incentivos previstos no programa a nivel de barrio para promover obras de urbanización, reurbanización ou mellora do entorno físico. O importe da axuda neste caso será dun 15% adicional sobre as contías máximas da axuda por vivenda. Ademais, recibirán 800 euros por cada inmovible rehabilitado para financiar a oficina municipal de rehabilitación.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA O CAMBIO NOS ESTATUTOS DA FUNDACIÓN MUSEO DO MAR DE GALICIA QUE PERMITIRÁ INTEGRAR A XESTIÓN DA ILLA DE SAN SIMÓN

- A entidade adquire carácter de fundación do sector público autonómico co Goberno galego como Administración titular
- A modificación supón un novo impulso ao proxecto da Xunta de Galicia para conservar e poñer en valor o espazo único da Illa de San Simón

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde ao cambio dos estatutos da Fundación Museo do Mar de Galicia, modificación coa que a entidade pasa a ter a condición de fundación do sector público autonómico co Goberno galego como administrador titular. Este feito permitirá, nun paso posterior, integrar neste mesmo órgano a xestión da Illa de San Simón.

Esta modificación estatutaria faise despois do acordo na reunión do padroado celebrada o pasado mes de outubro e unha vez que se formalizase a cesión gratuíta dos bens do Museo do Mar de Galicia á Comunidade Autónoma de Galicia. O cambio permite así integrar a xestión da Illa de San Simón e dar un novo impulso ao proxecto da Consellería de Cultura para garantir a conservación e posta en valor deste espazo cunha gran riqueza histórica, patrimonial e paisaxística que o converten nun recurso emblemático para o desenvolvemento de actividades culturais na ría de Vigo.

Cómpre lembrar que a Xunta de Galicia ten actualmente en marcha o proceso para licitar obras de conservación nas illas de San Simón e de San Antón, ambas na enseada de San Simón, cunha achega de 500.000 €. Esta actuación, que conta cun prazo de execución de seis meses, ten como obxectivo mellorar as condicións do conxunto declarado Ben de Interese Cultural. Para iso actuarase tanto nos edificios históricos como nas construcións de enxeñaría e nos espazos exteriores.

Así, os traballos previstos no proxecto técnico resolverán as patoloxías máis urxentes para garantir a conservación do ben, evitar a súa deterioración inmediata, mellorar as condicións de illamento e aforro enerxético, garantir as condicións de seguridade das visitas do público e recuperar a imaxe dos xardíns históricos. Ademais, tamén está previsto mellorar as instalacións de fontanería, rego e saneamento para reducir o consumo de auga.

En concreto, no Edificio Multiusos repararase a cuberta, carpintaría e pavimentación, no de Cursos e Seminarios levarase a cabo a restauración da cuberta, canalóns, fiestras e fachada e, na Casa da Cultura e os Oficinos do Mar, a actuación centrarase nas carpintarías exteriores e nos acabados dos paramentos.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Ademais, tamén se van restaurar as carpintarías e facer reparacións puntuais nas cubertas do Centro de Interpretación e Documentación, na vivenda do garda e na área de recepción e administración de visitantes. Por outra banda, actuarase no exterior da Residencia Stella Maris e do edificio de aseos públicos.

O proxecto que conta con fondos europeos complétase coa restauración dos muros do perímetro exterior e dos peiraos, a reparación da ponte e do sistema hidráulico e a restauración da xardinaría histórica plantando novos exemplares de palmeiras e buxo para recuperar a imaxe orixinal.

Ben de Interese Cultural desde 1999

As illas de San Simón e de San Antonio son un excepcional enclave situado na enseada da ría de Vigo cunha forte carga simbólica colectiva vinculada cos seus diversos papeis ao longo da historia: testemuña de traxedias e avatares marítimos, idílica referencia literaria da poesía medieval, refuxio monacal, lazareto para doentes infecciosos, cárcere do réxime ditatorial franquista para illamento político...

Na actualidade esta illa é un espazo público para o desenvolvemento cultural de Galicia, nun enclave recuperado de gran valor patrimonial e ambiental. En 1999 foi declarado Ben de Interese Cultural pola Xunta de Galicia e a illa e a súa enseada forman parte da Rede Natura 2000 como hábitat natural europeo protexido.

Ao longo do ano as súas instalacións acollen o desenvolvemento dunha extensa programación, como lugar de colaboración con diversas entidades e organismos para actividades formativas e de investigación.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA IMPULSA EN 2023 CUN 25 % MÁIS DE INVESTIMENTO AS AXUDAS PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAS EN EMPRESAS DE INSERCIÓN E A CREACIÓN DESTE TIPO DE ENTIDADES

- A Administración galega investirá 1.240.000 euros en apoios dirixidos ás empresas de inserción para a contratación dunhas 144 persoas en risco de exclusión social e para favorecer a creación deste tipo de firmas
- A economía social segue a ser o vindeiro ano un eixo prioritario para o Goberno autonómico ao que destinará preto dun terzo do orzamento total da área de emprego

O Consello da Xunta vén de autorizar hoxe a convocatoria para 2023 das axudas para apoiar as empresas de inserción que crecen con respecto a 2022 nun 25 % chegando, deste xeito, aos 1.240.000 euros. En concreto, con estes apoios financíase a contratación de persoas en risco de exclusión social, calcúlase que dunhas 144 o vindeiro ano, e a creación de novas entidades deste tipo.

Esta iniciativa forma parte do orzamento global que o Goberno galego destinará o próximo ano a crear e fomentar o emprego na economía social. Sumará en total máis de 42,3 millóns de euros, un 20,82 % máis que en 2022. A economía social, deste xeito, segue a ser en 2023 un eixo prioritario para o Goberno galego, xa que preto dun terzo do orzamento total da Área de Promoción do Emprego irá destinado a este fin.

A liña de axudas que hoxe se autoriza pretende ofrecer ás persoas contratadas formación e emprego na empresa de inserción durante un máximo de tres anos para facilitarles a súa integración no mercado de traballo. Para optar a estas axudas, cada empresa de inserción deberá ter como mínimo un 30 % dos seus postos de traballo ocupados por persoas en situación de exclusión. Apoiaranse contratacións superiores aos 6 meses e xornadas laborais por enriba do 50 %.

O programa da Xunta prevé o financiamento dos custos salariais cunha contía equivalente ao 100 % do salario mínimo interprofesional mensual por cada persoa traballadora en proceso de inserción contratada a xornada completa. Ademais, inclúe incentivos para favorecer a creación de empresas de inserción, para axudar na xestión e dirección das novas entidades e financiar as persoas técnicas en orientación que apoién os traballadores en situación de exclusión social.

A Xunta leva executados desde 2016 a través deste programa de axudas máis de 4,1 millóns de euros destinados á inserción laboral das persoas en situación ou risco de

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

exclusión social. Nestes últimos sete anos resultaron beneficiarias destes apoios un total de 565 persoas traballadoras.

A economía social en cifras

A economía social ten demostrado a súa capacidade para xerar emprego tendo un papel destacado na economía galega, xa que representa o 7 % do seu PIB, o que se traduce nun impacto anual duns 850 millóns de euros. É, polo tanto, un motor necesario para levar a cabo unha reactivación económica social, sustentable e participativa. Do que se trata é de promover e visibilizar este modelo de negocio que crea emprego de calidade, integrador e asentado no territorio.

O *Informe economía social en Galicia 2021*, elaborado polo Centro de Estudos Cooperativos coa colaboración das universidades e co apoio da Xunta, constata que con 135 cooperativas novas, o 2021 converteuse, con 1.145 cooperativas activas, no ano de maior inscrición deste tipo de entidades de toda a serie histórica, mantendo unha tendencia á alza constante desde 2017.

É unha fórmula, ademais, que avanza cara a igualdade, xa que o 51 % das persoas socias fundadoras das cooperativas constituídas en 2021 foron mulleres. O estudo tamén reflicte que o número de empresas de inserción mantívose en 13 con máis persoas contratadas (pasando de 87 no 2019 ata as 182 no 2021). En total, este modelo empresarial en Galicia está conformado por preto de 14.000 persoas traballadoras nas máis de 3.000 entidades que operan neste segmento da economía.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CUALIFICARÁ UNHAS 20.000 PERSOAS OCUPADAS EN 2023 E 2024 NO MARCO DO PLAN DE FORMACIÓN DIRIXIDO A ESTE COLECTIVO AO QUE DESTINARÁ 7,7M€

- O Consello sacou adiante a nova convocatoria para que entidades inscritas impartan formación profesional principalmente en especialidades con maior demanda
- A orde incrementará o seu orzamento nun 40% respecto da precedente
- Como novidade, na baremación de candidaturas terase en conta a diversificación territorial do alumnado e das accións formativas
- A Xunta considerará colectivos prioritarios destinatarios dos cursos ás mulleres, vítimas da violencia de xénero e a persoas traballadoras menores de 30 anos ou maiores de 45, con empregos a tempo parcial ou afectados por ERTE
- O orzamento da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade para formación para o emprego e orientación laboral crecerá en 2023 un 9,6% ata superar os 202M€

A Xunta destinará no período 2023-2024 un total de 7,7 millóns de euros á formación dunhas 20.000 persoas ocupadas a través de centros e entidades de formación profesional acreditada co obxectivo de poder dar resposta ás demandas de cualificación da poboación traballadora atendendo ás necesidades non cubertas para mellorar as súas oportunidades laborais.

O Consello do Goberno galego deu o visto bo á nova convocatoria que supera nun 40% o orzamento da anterior (5,5M€) e reformula algúns criterios para incentivar a formación en especializadas con maior demanda e de colectivos prioritarios.

Como novidades nesta liña de axudas -dirixida a entidades titulares de centros ou entidades de formación- priorizarase a oferta en especialidades formativas con maior demanda, a diversificación territorial do alumnado e a variedade dos cursos. Prevese ademais a posibilidade de que o alumnado simultanee dúas formacións e a Xunta de Galicia porá a dispor o Campus Virtual de formación para o emprego de balde para as entidades que opten pola modalidade telemática.

O plan formativo está dirixido prioritariamente a persoas ocupadas, situación laboral que se determinará no comezo da formación. Cando unha alumna o alumno pase a situación de desemprego durante a celebración do curso, poderá seguir a participar no mesmo.

Poderán beneficiarse das accións persoas traballadoras ou socias das empresas da economía social que acheguen actividade económica, tamén autónomas e autónomos e mesmo persoal afectado por medidas temporais de suspensión de contrato (como

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

ERTEs), ou dun expediente de regulación de emprego (ERE), motivadas por causas económicas, técnicas, organizativas, de produción ou de forza maior.

Á marxe desta prioridade, a Xunta permite que poidan participar nas referidas accións tamén persoas traballadoras desempregadas, até un límite do 30% do número de participantes.

A efectos da nova convocatoria, a Xunta considerará como colectivos prioritarios: mulleres, vítimas de violencia de xénero, traballadoras ou traballadores menores de 30 anos ou maiores de 45, persoas traballadoras a tempo parcial, emigrantes retornados e persoas inmersas en ERTE. Como en anteriores edicións, manterase o apoio ás actividades formativas con participación do 100% do alumnado con discapacidade.

No caso de se desenvolver soamente en 2023, as accións formativas deberán rematar como data límite o 20 de decembro dese ano. Para as que abrangan as dúas anualidades (2023 e 2024) ou teñan lugar soamente en 2024, deberán finalizar antes do 30 de setembro de 2024.

A Xunta ten previsto publicar a convocatoria durante o mes de xaneiro no Diario Oficial de Galicia.

A formación para o emprego axustada ás necesidades do tecido produtivo é unha prioridade para a Xunta de Galicia que, de cara a 2023, incrementará o orzamento destinado á formación para o emprego e orientación laboral nun 9,6%, ata chegar aos 202,2 millóns de euros, para seguir mellorando a capacitación das mulleres e dos homes que o precisen. Desta contía, un total de 104 millóns destinaranse ao novo Plan galego de formación para o emprego co que o Goberno galego seguirá impulsando unha formación dual e flexible, para persoas traballadoras ocupadas -que hoxe aprobou o Consello da Xunta- como para desempregadas.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA NO VINDEIRO ANO PRETO DE 74 MILLÓNS DE EUROS Á PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ATENCIÓN SANITARIA URXENTE A TRAVÉS DO 061 DE GALICIA

- Desde o ano 1995, Urgencias Sanitarias de Galicia-061 é o organismo encargado de coordinar a atención ás urxencias e ás emerxencias sanitarias na Comunidade Autónoma
- O 061 galego conta nestes momentos coa maior dotación de medios da súa historia, o que permitiu atender en 2021 preto de 1.158.000 chamadas e case medio millón de procesos asistenciais a través das súas 125 ambulancias e 2 helicópteros

A Xunta de Galicia aprobou a prórroga, para o vindeiro ano, por un importe de 73.845.648 euros, do contrato programa da Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia-061, que ten como obxecto a coordinación e prestación de servizos de urxencias médicas. A prórroga do contrato do período 2021-2022 permitirá seguir ofrecéndolle á cidadanía a resposta máis axeitada á súa solicitude de consulta e asistencia sanitaria urxente extrahospitalaria na Comunidade Autónoma galega.

A vinculación entre a Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia-061 e o Servizo Galego de Saúde formalízase mediante contratos-programa que permiten organizar o funcionamento do 061 de Galicia en función dos criterios de planificación do Sergas e das necesidades dos usuarios. Nos contratos-programa establécense os plans de obxectivos de actividades e os recursos económicos para o seu financiamento. O primeiro destes contratos-programa asinouse en 2006.

Desde o ano 1995, Urgencias Sanitarias de Galicia-061 é o organismo encargado de coordinar a atención ás urxencias e ás emerxencias sanitarias na Comunidade Autónoma, de xeito que, cando varias demandas de atención coinciden no tempo, procede á súa clasificación, co obxecto de dar a resposta máis axeitada a cada unha delas, seguindo criterios de saúde e de optimización de recursos.

Ademais, o 061 presta, durante as 24 horas do día, servizos sen mobilización de recursos –consello médico urxente, información sobre a saúde e asesoría médica– ou ben con mobilización –emerxencias, asistencia *in situ*, transporte sanitario urxente, visita domiciliaria e transporte secundario–.

Así mesmo, Urgencias Sanitarias de Galicia-061 xestiona o servizo de transporte sanitario urxente terrestre a través de 12 ambulancias asistenciais de soporte vital avanzado, medicalizadas e catro de enfermería; dous helicópteros medicalizados;

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

107 ambulancias asistenciais de soporte vital básico e dúas ambulancias convencionais que compoñen a Rede de transporte sanitario urxente de Galicia e garanten a cobertura ás urxencias e ás emerxencias sanitarias en toda a xeografía galega as 24 horas, os 365 días do ano. Trátase da maior dotación de medios coa que contou nunca este ente, o que permitiu tamén un importante incremento da actividade.

Actividade

A Central de Coordinación do 061 de Galicia recibiu preto de 1.158.000 chamadas ao longo de 2021, o que supón unha media diaria de 3.172 chamadas. Destas, 677.299 foron chamadas de demanda sanitaria que xeraron 493.743 procesos asistenciais. Estes procesos resolvéronse sen necesidade de mobilizar recursos nun 40 % (como consulta médica telefónica, asesoría a profesionais sanitarios e contacto médico-paciente) e o 60 % restante necesitaron a mobilización de recursos asistenciais de soporte vital básico ou avanzado.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA PRORROGA O ACORDO DE COLABORACIÓN PARA O MANTENIMENTO DO CENTRO DE ACOLLEMENTO FOGAR INFANTIL EMILIO ROMAY DA CORUÑA

Nestas instalacións o Goberno galego ofrece 27 prazas en tres fogares residenciais para nenos de ata 12 anos.

O Consello da Xunta aprobou a continuidade do acordo de colaboración coa Deputación da Coruña para o mantemento do centro de acollemento Fogar Infantil Emilio Romay, destinado á protección de menores. Unha colaboración que se leva realizando durante as últimas tres décadas.

Nestas instalacións a Xunta ofrece 27 prazas en tres fogares residenciais para nenas e nenos de ata 12 anos.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AXUDA AS ENTIDADES DE ATENCIÓN Á DISCAPACIDADE NA ACTUALIZACIÓN SALARIAL DOS SEUS PROFESIONAIS

Distribúe 3,4 millóns de euros entre distintas asociacións para facer fronte á subida salarial derivada da entrada en vigor do XV Convenio colectivo xeral de centros de servizos de atención a persoas con discapacidade

O Consello da Xunta de Galicia aprobou a resolución de axudas directas para que distintas entidades de atención á discapacidade apliquen unha actualización salarial dos seus profesionais. En concreto, distribuiranse 3,4 millóns de euros entre distintas asociacións para que poidan facer fronte á entrada en vigor do XV Convenio colectivo xeral de centros de servizos de atención a persoas con discapacidade.

Serán beneficiarias destas axudas as seguintes entidades e federacións: Cogami, Fademga, Feafes, Down Galicia, Autismo Galicia, Aspace Galicia, Federación Galega de Dano Cerebral, Centro San Pablo e San Lázaro de Mondoñedo, Fundación ADCOR, Fogar e Clínica San Rafael, Fundación para a Protección das Persoas con Discapacidade Psíquica da Terra-Chá, Fundación da Comarca de Barcala, Fundación de Dano Cerebral, Asociación Arcea Adames, Casa Nosa Señora de Fátima de Crecente, Casa Santa María de la Esperanza de Mos, Asociación Virgen de la O e para a AFEXDI.

Esta medida de apoio de carácter excepcional ten como finalidade garantir a viabilidade financeira das entidades de iniciativa social que traballan no ámbito da atención á discapacidade e permite a continuidade na prestación de servizos.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA SALIENTA O INVESTIMENTO DA XUNTA DE 31,5 M€ PARA QUE OS NENOS NACIDOS NO 2023 TEÑAN ACCESO Á TARXETA BENVIDA

Resalta que máis de 92.500 familias galegas xa se beneficiaron desde 2016 desta axuda, cun orzamento acumulado de 196 M€, para atender os gastos que supón o nacemento dun fillo

O presidente do Goberno galego, Alfonso Rueda, salientou hoxe a aprobación no Consello da Xunta dun investimento de 31,5 millóns de euros para que as nenas e nenos nados no ano 2023 teñan acceso á tarxeta Benvida, unha axuda que -segundo precisou- "xa leva beneficiadas máis de 92.500 familias galegas" desde a súa creación en 2016 e "acada un orzamento acumulado de 196 millóns de euros, incluída esta nova convocatoria".

Rueda enzalzou con esta axuda xunto outras, como a gratuidade das escolas infantís, as Casas niño ou o Bono de Coidadeo, "Galicia se converteu nun referente no apoio ás familias". En concreto, fixo especial referencia á tarxeta Benvida como unha "das máis importantes", tanto polo número de persoas beneficiaras, como pola cuantía destinada.

O presidente da Xunta explicou que, con carácter xeral, a contía da axuda que reciben as familias a través deste programa é de 1.200 euros durante o primeiro ano de vida do fillo. Ademais, indicou no feito de que esta cantidade se duplica no caso das familias numerosas e chega a incrementarse un 25 % no caso daquelas que viven en concellos de menos de 5000 habitantes. Así mesmo, esta axuda pode estenderse ata os catro anos de vida do neno naqueles fogares especialmente vulnerables.

Rueda puxo en valor a estimación de que "oito de cada 10 familias galegas" están en condicións de recibir a tarxeta Benvida, coa que poderán atender os gastos que supón o nacemento dun fillo, como a compra de alimentos infantís, cueiros, roupa, berce e produtos de hixiene e farmacéuticos, entre outras necesidades.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INVESTIRÁ 1,9 M€ NO PROGRAMA DE ATENCIÓN TERAPÉUTICA DE MENORES EN RÉXIME DE PROTECCIÓN ATA O ANO 2026

Esta iniciativa aplicarase por vez primeira en réxime de concerto o que permitirá desenvolvelo en todas as provincias galegas

O Consello da Xunta aprobou a convocatoria do programa de atención terapéutica destinado a nenos e adolescentes en réxime de protección que, por vez primeira, se realizará en réxime de concerto para facilitar o seu acceso en todas as provincias galegas. Para a súa posta en marcha o Goberno galego investirá 1,9 millóns de euros ata o ano 2026 o que supón un incremento do 50 % no seu financiamento con respecto a anteriores edicións.

Este importe será cofinanciado nun 60 % polo Fondo Social Europeo Plus e nun 40 % restante pola Consellería de Política Social e Xuventude. Esta proposta, moi valorada polos técnicos de menores, atenderá 290 nenas, nenos e adolescentes en garda ou tutela da Xunta ou baixo medidas xudiciais que presentan importantes desaxustes emocionais por sufrir desprotección ou maltrato, por terse separado da súas familias ou porque no seu fogar existisen dificultades de convivencia severas ou cronificadas.

O obxectivo de realizar este programa en réxime de concerto é que se pode distribuír a atención por provincias en función das necesidades detectadas en cada territorio. A estes terapeutas poden acudir tanto os propios menores como as súas familias biolóxicas e acolledoras, así como os profesionais que traballan con eles.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INVESTIRÁ 38,8 M€ O ANO QUE VÉN PARA A MELLORA DE EXPLOTACIÓNS E A INCORPORACIÓN DE MOZOS Á ACTIVIDADE AGROGANDEIRA

- O Consello da Xunta vén de coñecer a próxima orde de axudas de Medio Rural para a execución de plans de mellora, a incorporación de mozos ao agro e o desenvolvemento de pequenas explotacións, así como a exención da achega de garantías para os beneficiarios da segunda liña
- Con estas subvencións, búscase acadar un rexuvenecemento da poboación activa agraria e o fomento do emprego no sector, con especial consideración cara ás mulleres, co fin último de fixar poboación no rural
- No período 2016-2020 o importe total aprobado para estas axudas superou os 253 millóns de euros en cinco convocatorias, aos que se suman os 37,5 millóns de euros da convocatoria de 2022 que está a piques de resolverse

O Consello da Xunta vén de coñecer hoxe a próxima orde de axudas da Consellería do Medio Rural para apoiar os investimentos nas explotacións agrícolas, para a creación de empresas de agricultores mozos e para o desenvolvemento de pequenas explotacións, que contarán en 2023 cun orzamento de 38,8 millóns de euros. Estas subvencións, de gran repercusión para o medio rural, pertencen ao Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020. A liña de incorporación de mozos está integramente financiada co instrumento de recuperación da Unión Europea (EURI), mentres que as outras dúas liñas están cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader).

Neste senso, esta é unha das ordes de axudas máis destacadas da Consellería do Medio Rural, tanto polo seu importe como polo número de beneficiarios. Con elas búscase mellorar a estrutura produtiva das explotacións galegas e avanzar na consecución dunha adecuada dimensión e un correcto equilibrio dos seus factores de produción co obxectivo de mellorar a competitividade. Ao mesmo tempo, procúrase acadar un rexuvenecemento da poboación activa agraria e fomentar o emprego neste sector, con especial consideración cara ás mulleres, co fin último de fixar poboación no rural.

En concreto, a partida asignada para sufragar investimentos en explotacións agrícolas (os coñecidos como plans de mellora) é de 20,5 millóns de euros; para a incorporación de mozos ao agro destinaranse 16,5 millóns de euros e, por último, para o desenvolvemento de pequenas explotacións haberá 1,8 millóns de euros. No conxunto, o orzamento desta orde de axudas increméntase nun 3,5 % con respecto ao da convocatoria anterior.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Ademais, no marco desta orde de axudas para o 2023, o Consello da Xunta tamén aprobou a exención da achega de garantías para os beneficiarios da liña correspondente á creación de empresas para as persoas agricultoras mozas. Así, os solicitantes que reciban axuda para incorporarse á actividade agraria só estarán obrigados a verificar a conformidade do seu plan empresarial, sen ter que presentar unha garantía do 100 % do importe a aboar no pagamento a conta nin verse sometidos a controis *a posteriori*. Así, a axuda terá carácter de pagamento a tanto alzado e concederase pola execución do plan empresarial ou plan de negocio que terá unha duración de 24 meses.

Balance 2016-2020

No período de programación 2014-2020, cómpre facer balance da xestión destas achegas no rural galego. Neste senso, os datos relativos en canto á execución destas liñas de achegas nas cinco convocatorias son moi positivos, pois o importe total aprobado supera os 253 millóns de euros, aos que se suman os 37,5 millóns de euros da convocatoria de 2022 e que se resolverá proximamente.

Así, se temos en conta as orientacións produtivas dos expedientes aprobados, nas liñas de plans de mellora e incorporación de mozos destaca o vacún de leite, con 1.878 e 741 expedientes respectivamente. No caso da liña de pequenas explotacións, destaca o vacún de carne con 462 expedientes.

Doutra banda, se temos en consideración a repartición por provincias, a de Lugo encabeza os expedientes aprobados seguida pola da Coruña, aglutinando entre ambas preto do 70 % dos expedientes aprobados no período 2016-2020. Por último, cabe sinalar que a incorporación de mulleres está tendo unha tendencia positiva.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA PRORROGA O ACORDO COA ADMINISTRACIÓN LOCAL PARA GARANTIR O FUNCIONAMENTO ÓPTIMO DOS GRUPOS DE EMERXENCIA SUPRAMUNICIPAIS DAS PROVINCIAS DA CORUÑA E LUGO CON 6,7 M€

- O Consello do Goberno galego autorizou a sinatura de dous convenios entre a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a Consellería do Medio Rural, a Federación Galega de Municipios e Provincias e as deputacións da Coruña e Lugo para financiar os GES
- A Administración autonómica achega para esta finalidade máis de 3,5 millóns de euros, que representan o 52,50 % do global do orzamento destes convenios

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura de dous convenios entre a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a Consellería do Medio Rural, a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) e as deputacións da Coruña e Lugo para financiar o desenvolvemento dos grupos de emerxencia supramunicipais, os GES. Así, o convenio que se asinará coa Deputación da Coruña terá unha vixencia de dous anos, mentres que o asinado coa de Lugo será só para o ano 2023.

O importe total dos dous convenios -contabilizando as achegas das distintas administracións asinantes- ascende a 6.720.000 euros, facilitados na súa maior parte pola Xunta (nunha porcentaxe do 52,50 %, que representa unha achega de 3,5 millóns de euros), e cofinanciados parcialmente co Fondo Europeo Agrario de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2014-2020.

Esta acción lévase a cabo ao considerar que o traballo dos grupos de emerxencia supramunicipais contribúe a mellorar as condicións xerais de seguridade das persoas e das súas propiedades en situacións de risco e tamén a aumentar a protección do monte e dos bens non forestais fronte os incendios. Doutra banda, cabe sinalar que os convenios asinados coas deputacións provinciais de Pontevedra e Ourense seguen vixentes ata finais de 2023 e de 2024, respectivamente.

Actuacións e funcións dos GES

Desta forma, garántese que os GES sigan prestando o servizo público e as súas actuacións en materia de emerxencia, protección civil e prevención contra incendios forestais. Así, estes grupos continuarán intervindo en incendios, tanto forestais como urbanos, traballarán na definición e mantemento das redes de faixas de xestión da biomasa para a prevención e defensa contra os lumes e seguirán a realizar prácticas preventivas a nivel local, para crear discontinuidades verticais e horizontais da cuberta

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

vexetal, mediante rozas en terreos forestais ou de influencia forestal. Tamén farán prevención naqueles camiños e espazos públicos que poidan ao mesmo tempo servir de cortalumes.

Ademais, proseguirán coa realización de actuacións de prevención da vespa velutina por seguridade da poboación, tales como control e retirada de niños, entre outras actuacións que contribúan á súa prevención. Continuarán, a maiores, intervindo en situación de emerxencia para manter a rede de estradas e en situacións derivadas de riscos naturais, nevaradas, inundacións, temporais, xeadas, choivas intensas, derrubamentos, correntamentos de terra e situacións de seca, entre outros traballos.

Por outra banda, entre as súas funcións está tamén a de colaborar e, de ser o caso, intervir en situacións derivadas de riscos inducidos polo home e a de cooperar coas autoridades competentes en materia de protección civil en casos de aglomeracións de persoas en lugares e momentos determinados.

Por último, entre estas tarefas dos GES figurará calquera outra en materia de protección civil, emerxencias e medio ambiente, servizos sociais, culturais, educativos e deportivos e outras de competencia municipal, vinculadas a unha situación de emerxencia ou prevención desta, ou calquera actuación necesaria para resolver unha situación de urxencia e interese público.

Competencia local

Cómpre lembrar que a atención ás emerxencias é unha competencia local que corresponde aos concellos de máis de 20.000 habitantes e ás deputacións provinciais nos municipios de menos poboación.

Co obxectivo de completar e mellorar a atención das emerxencias da Comunidade optimizando a cobertura e os tempos de resposta, na reunión mantida entre representantes da Xunta, das deputacións provinciais da Coruña e Lugo e da Fegamp para a elaboración dos ditos convenios, acordouse incrementar en 40.000 euros os custos salariais dos efectivos dos GES, pasando de 280.000 a 320.000 euros, co obxecto de adaptalos ao seu custo real na actualidade. Ademais, no caso da provincia da Coruña, tamén se acordou equiparar o financiamento do servizo municipal de Noia, que actualmente é de 155.000 euros ao resto dos GES, pasando así aos 320.000 euros.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA COLABORARÁ COA USC PARA FOMENTAR O EMPREGO DO CASTIÑEIRO E A SÚA CONTRIBUCIÓN NA DESCARBONIZACIÓN DO SECTOR DA CONSTRUCCIÓN

- O Consello do Goberno galego autorizou a sinatura dun acordo entre a Axencia Galega da Industria Forestal e a institución académica compostelá para esta finalidade, que contará cun orzamento de máis de 351.000 euros
- Esta iniciativa entronca co Pacto Verde Europeo, como folla de ruta para unha nova estratexia de crecemento que transforme a UE nunha nova economía climaticamente neutra en 2050 e dá cumprimento ao Plan forestal de Galicia, ao Programa estratéxico do castiñeiro e á Axenda de impulso da industria forestal-madeira

A Xunta, a través da Axencia Galega da Industria Forestal -adscriba á Consellería do Medio Rural-, colaborará coa Universidade de Santiago de Compostela (USC) para fomentar o emprego do castiñeiro e a súa contribución na descarbonización do sector da construción. Con esta finalidade, subscribírase un convenio entre ambas partes -cuxa sinatura foi autorizada hoxe polo Consello do Goberno galego- por un importe total que supera os 351.000 euros, dos que a devandita Axencia achegará algo máis de 290.000 euros e a USC os 61.000 euros restantes.

O convenio estrutúrase en tres liñas de colaboración. Por un lado, a destinada á xeración de coñecemento sobre a madeira de castiñeiro con contido de humidade elevado para a súa avaliación na construción con madeira. En segundo termo, a orientada ao fomento do emprego do castiñeiro en forxados mixtos formigón-madeira, que ten como obxectivo contribuír á descarbonización do sector da construción, reducindo a cantidade de formigón empregada para satisfacer as exigencias da normativa, a través da súa conexión con trabes de madeira de castiñeiro. En terceiro lugar, a liña de promoción do uso da madeira na construción ten como obxectivo o impulso do produto local e a transferencia de coñecemento da investigación realizada.

O fomento do emprego do castiñeiro e a súa contribución na descarbonización do sector da construción comporta beneficios económicos, sociais e ambientais, porque contribúe á rendibilidade económica do sector, favorece a plantación desta especie e supón unha importante achega no camiño da descarbonización. Así, trátase de poñer á dispoñibilidade do mercado materia prima de alta calidade, prestando especial atención ao incremento do uso de madeira estrutural na construción, potenciando tanto beneficios aos propietarios como unha mellora da economía verde.

Pacto Verde Europeo

Esta iniciativa entronca co Pacto Verde Europeo, como folla de ruta para unha nova estratexia de crecemento que transforme a Unión Europea (UE) nunha nova economía

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

climaticamente neutra en 2050, e que exige a promoción de cadeas de valor que non só non emitan CO₂ senón que mesmo xeren saldos positivos ao longo de todo o ciclo de vida dos produtos.

Neste sentido, a propia UE calcula que, no seu conxunto, os edificios son responsables do 40 % do consumo enerxético da Unión e do 36 % dos gases de efecto invernadoiro e sinala que o sector da construción pode incluso pasar de emitir carbono a reduci-lo, de utilizárense materiais de construción orgánicos como a madeira.

A Axencia Galega da Industria Forestal promove a utilización da madeira en construción consciente de que esta, ademais de ser un material natural, reciclable e reutilizable, retén CO₂ e fíxao durante todo o ciclo de vida, en aplicación dun criterio denominado TRIPLA S (siglas inglesas para *storage, sequestration e substitution*). Ademais, os procesos de fabricación de produtos para a construción son minimamente contaminantes e consumidores de enerxía.

Nesta mesma liña, lanzou este ano a convocatoria, dotada con 2,6 millóns de euros, para unha nova liña de axudas destinada ao impulso da madeira como elemento estrutural na construción. Estas subvencións perseguen contribuír á loita contra o cambio climático, fomentar a prevención e xestión forestal sustentable e activa do territorio galego, afondar en políticas de eficiencia enerxética e achegar confort, saúde e benestar a aquelas persoas que vaian habitar edificacións construídas en madeira.

Plan forestal de Galicia

En particular, este convenio coa USC afondará sobre a madeira de castiñeiro en construción e sobre a descarbonización que implicará o seu uso. Esta acción dá cumprimento ao Plan forestal de Galicia 2021-2040 «Cara á neutralidade carbónica». Así, neste documento de planificación, ademais de especificarse como unha medida concreta dirixida á execución do Programa estratéxico do castiñeiro e da produción de castaña, atópase o Programa de fomento da produción de madeira de frondosas de alto valor.

Este último, enfocado a incentivar actuacións de repoboación forestal de masas de frondosas de alto valor, así como de tratamentos silvícolas que favorezan o crecemento da masa e a obtención de madeira de calidade. No marco deste programa en elaboración, e que se prevé realizar no horizonte do primeiro trimestre de 2025, vén de presentarse o proxecto tecnolóxico para a valorización sustentable da madeira das masas de frondosas caducifolias de Galicia, no que a Axencia Galega da Industria Forestal investirá 730.000 euros.

Neste contexto, cómpre lembrar tamén que a Xunta investirá preto de 5 millóns de euros en 2023 para aumentar a superficie ocupada polo castiñeiro e impulsar a recuperación dos soutos galegos. En concreto, 3,8 millóns irán destinados a axudas para novas plantacións e para a restauración de soutos tradicionais, mentres outro millón irá

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

dirixido a accións modelo de mellora de soutos a través de convenios con asociacións de xestión conxunta.

A actuación obxecto do convenio autorizado hoxe polo Consello da Xunta enmárcanse, así mesmo, na Axenda de impulso da industria forestal-madeira, unha folla de ruta deseñada conxuntamente cos principais axentes para potenciar o sector e impulsar a bioeconomía como motor de competitividade, favorecendo unha sociedade saudable, neutra en carbono, baseada no emprego verde e no consumo de produtos locais.

Descarbonización

Todo este traballo enmárcase nos esforzos que leva a cabo a Xunta a prol da descarbonización. Neste sentido, entre outras iniciativas, o Goberno galego vén de introducir melloras na normativa co fin de protexer as comunidades de montes veciñais en man común nos negocios xurídicos relacionados coa venda de créditos de carbono. En primeiro lugar, considerándoos como un aproveitamento forestal máis dos bosques en Galicia, para logo exixir as necesarias garantías na súa tramitación, ao considerar estes contratos co status de actos de disposición e deste xeito aplicar as maiorías e restantes requirimentos que para os devanditos actos establece a lexislación en materia de montes veciñais en man común.

Doutra banda, trabállase na futura creación dun sistema de créditos propios da Xunta, dirixidos á promoción daqueles montes baixo xestión sustentable e activa fronte a aquelas áreas forestais abandonadas. Con isto dáse cumprimento, ademais, ao establecido no ditame derivado da comisión parlamentaria forestal tras os lumes de 2017.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APOIARÁ MIL PEMES E AUTÓNOMOS DO SECTOR SERVIZOS PARA MELLORAR AS SÚAS INSTALACIÓNS ENERXÉTICAS E AFORRAR ENERXÍA

- No contexto actual de carestía enerxética, o Goberno autonómico aproba as bases da convocatoria de 2023 cun orzamento de 4,2 millóns de euros, o dobre do comprometido inicialmente para este ano
- As axudas favorecerán a mobilización directa de 6 M€, aforros económicos anuais de 860.000 euros, unha redución de emisións equivalente a plantar 72.000 árbores e a creación ou mantemento de 48 empregos directos
- Como novidade, o apoio aos custos de asesoramento enerxético profesional súmase aos relacionados coas melloras para a envolvente, iluminación, instalacións eléctricas, e climatización

O Consello da Xunta avaliou a nova convocatoria do Bono enerxía peme, que en 2023 contará cun orzamento de 4,2 M€ -o dobre do inicialmente previsto para este exercicio- co obxectivo de apoiar mil pemes e autónomos do sector servizos para que poidan mellorar as súas instalacións e aforrar nas súas facturas. O programa enmárcase no actual contexto de carestía enerxética como mostra do compromiso do Goberno galego por impulsar a eficiencia das empresas neste ámbito.

Con esta nova edición, a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación prevé unha mobilización de 6 M€, aforros nas facturas enerxéticas anuais de 860.000 euros, a redución do consumo de 4800MWh e a de emisións en 1440 toneladas de CO2 ao ano -o equivalente a plantar 72.000 árbores-, así como a creación ou mantemento de 48 empregos directos.

Como novidade, apoiarase o asesoramento enerxético, é dicir, tanto diagnoses como auditorías enerxéticas co obxectivo de que os beneficiarios conten cunha visión profesional para identificar posibilidades de optimización do seu consumo e de adecuación da contratación das súas subministracións enerxéticas ao escenario actual.

Estas axudas sumaranse aos apoios para a mellora da envolvente a través de elementos de control solar como toldos de cor branco ou negro; iluminación, coa renovación de equipos interiores ou exteriores por outros que utilicen tecnoloxía led; a eficiencia enerxética en instalacións eléctricas; equipamentos como a renovación de electrodomésticos ou aparellos por outros de cualificación enerxética B ou superior; climatización ou inermótica, para xestionar a enerxía e o gasto de xeito máis eficiente.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Os apoios contarán cunha intensidade do 80 % ata un máximo de 6.000 euros por centro de traballo e os solicitantes poderán acceder a un anticipo de ata o 50 % sen necesidade da presentación de avais. As axudas resolveranse por orde de solicitude e cubriranse actuacións que se executen entre o 1 de xaneiro e o 2 de outubro de 2023.

Trátase da terceira edición deste programa que xa ten permitido, nas dúas anteriores, impulsar preto de 1.500 actuacións cun orzamento de 6,1 M€. Deste xeito, A Xunta dá continuidade a actuacións que permiten paliar a situación actual de elevados prezos enerxéticos, á vez que se contribúe a diminuír o consumo e a aumentar a seguridade das instalacións.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA PRORROGARÁ EN 2023 O DESCONTO DO 50% DAS BONIFICACIÓNS DOS AUTOBUSES AUTONÓMICOS SEMPRE E CANDO O GOBERNO CENTRAL MANTEÑA O DESCONTO ESTATAL

- A día de hoxe a Xunta está a pagar integramente con fondos propios as bonificacións que se veñen aplicando desde o 1 de setembro, posto que o Goberno central non achegou nin un só euro dos descontos do 30% comprometidos
- A tan só 9 días de que finalice o ano, o Goberno galego non ten confirmación oficial de se o Goberno de España pretende manter as bonificacións no autobús urbano e interurbano, como si fará no tren de cercanías e no autobús de competencia estatal
- Lamenta a improvisación e a falta de planificación do Executivo estatal, que segue sen aclarar que vai pasar con estas bonificacións, coas dos carburantes e coas peaxes das autoestradas estatais en Galicia, a AP-9 e a AP-53
- Desde o 1 de setembro, os descontos do 50% que vén aplicando a Xunta nos autobuses autonómicos, no transporte da ría de Vigo e no tren na área de Ferrol, bonificaron 5,4 millóns de viaxes, beneficiando a máis do 75% dos viaxeiros do transporte público de Galicia

O Consello da Xunta adoptou esta mañá a decisión de prorrogar en 2023 o desconto do 50% das bonificacións dos autobuses autonómicos se o Goberno de España mantén o desconto estatal.

A Xunta vén aplicando desde o pasado 1 de setembro a máxima bonificación no transporte público de titularidade autonómica, incrementando nun 20% a axuda estatal que o Goberno de España fixou nun 30%.

Porén, a día de hoxe a Xunta está a pagar integramente con fondos propios as bonificacións que se veñen aplicando desde o 1 de setembro, posto que o Goberno central non achegou nin un só euro dos descontos do 30% comprometidos.

A tan só 9 días de que finalice o ano, o Goberno galego non ten confirmación oficial de se o Goberno de España pretende manter as bonificacións no autobús interurbano, de competencia da Xunta, e no autobús urbano, de competencia municipal, polo que os usuarios non poden saber o que terán que pagar por viaxar en transporte público o vindeiro 1 de xaneiro.

Pola contra, o Goberno central si ten manifestado publicamente que en 2023 prorrogará a gratuidade para o transporte ferroviario de cercanías e a bonificación nos autobuses de competencia estatal.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O Goberno galego lamenta a improvisación e a falta de anticipación do Executivo estatal, que continúa sen aclarar, ademais de que pasará cos descontos do autobús, que vai suceder coas bonificacións dos carburantes e coas tarifas das peaxes estatais en Galicia, a AP-9 e a AP-53 que, de non adoptarse medidas sufrirán unha suba histórica.

Desde o pasado 1 de setembro, os descontos do 50% no transporte público que vén aplicando a Xunta bonificaron 5,4 millóns de viaxes, beneficiando a máis do 75% dos viaxeiros do transporte público de Galicia.

Cómpre lembrar que, ademais de no autobús autonómico a Xunta estendeu a bonificación do 50% ao transporte da ría de Vigo, que comunica a cidade olívica cos concellos de Cangas e de Moaña; así como no ferrocarril na área de Ferrol, ao formar parte do Plan de transporte metropolitano.

O desconto abrangue, ademais, os servizo urbanos de Ferrol e de Pontevedra, cidades onde o transporte público se realiza a través de concesións autonómicas.

A redución do 50% vense aplicando ás tarifas dos bonos mensuais, así como ás viaxes aboadas coas Tarxeta de Mobilidade de Galicia (TMG) e a tarxeta Xente Nova.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

OS GRUPOS DE ACCIÓN LOCAL DO SECTOR PESQUEIRO DISPORÁN DE MÁIS DE 10 M€ ATA 2026 PARA A XESTIÓN DOS SEUS PLANS DE DINAMIZACIÓN DAS ZONAS COSTEIRAS

- A Consellería do Mar realizou un proceso selectivo para a elección dos novos GALP para o período de programación do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e Acuicultura que deu como resultado a continuidade dos oito grupos que había ata o momento
- Entre o 2016 e o 2021 estes grupos desenvolveron máis de 650 proxectos que xeraron arredor de 230 millóns de euros no conxunto da economía galega e unha ocupación de 4.600 empregos

A Consellería do Mar destinará 10,2 millóns de euros á aplicación das estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP) deseñadas polos grupos de acción local do sector pesqueiro (GALP) ata o 2026, no marco do novo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e Acuicultura (Fempa) 2021-2027. Así deu conta hoxe o Consello da Xunta tras aprobarse a sinatura dos correspondentes convenios de colaboración entre o departamento autonómico e os GALP.

Neste sentido, a Xunta realizou un proceso de selección dos novos GALP no marco do novo período de programación do Fempa no que resultaron elixidos os oito grupos que estaban operativos ata o de agora. Eses GALP son o da Mariña Ortegal; Golfo Ártabro Norte; Costa da Morte; Seo de Fisterra Ría de Muros Noia. Costa Sustentable; Ría de Arousa; Ría de Pontevedra; Ría de Vigo-A Guarda; e Golfo Ártabro Sur.

Con este acordo contribúese a evitar a interrupción entre programas na transición do FEMP ao Fempa, permitindo que as estratexias de desenvolvemento local participativo continúen nas comunidades pesqueiras. A este respecto, a Consellería do Mar inclúe nos seus orzamentos para 2023 unha partida de máis de 10 millóns de euros co ánimo de garantir o labor dos GALP no período transitorio entre ambos fondos europeos, posto que o seu labor é vital para a dinamización das zonas do litoral galego.

Estes convenios permitiránlles aos grupos xestionar e controlar as axudas que se tramiten ao seu abeiro para desenvolver as estratexias. Unha vez asinados, estarán vixentes ata o cumprimento dos compromisos acordados por cada unha das partes, e non poderán exceder os catros anos de duración. Os GALP recibirán as axudas distribuídas en catro anualidades de máis de 2 millóns de euros de orzamento cada unha.

Máis de 230 millóns

Entre os anos 2016 e 2021, dentro do período de programación FEMP, os grupos de acción local pesqueira desenvolveron un total de 661 proxectos que supuxeron a

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

creación de 4.600 empregos entre directos e indirectos e mobilizaron un investimento total de máis de 80 millóns de euros. Así mesmo, supuxeron unha actividade socioeconómica que permitiu achegar máis de 230 millóns de euros á economía galega, o que representa un 0,36 % do seu produto interior bruto (PIB).

Case un 75 % das iniciativas dos GALP están centradas na diversificación e na valorización dos produtos da pesca, proxectos que tamén concentran o 80 % da axuda pública. Ademais, o 25 % do total dos proxectos financiados están liderados polo sector produtivo, o comercializador lidera o 14 % dos proxectos e o transformador o 5 % e son as confrarías de pescadores e empresas comercializadoras de peixe as que máis proxectos teñen posto en marcha. Así, cabe destacar que o número de iniciativas promovidas polo sector pesqueiro en 2021 foi un 76 % maior que a media do período 2016-2020, chegando aos 88 proxectos financiados.

En canto aos proxectos desenvolvidos por cada un dos oito grupos, o GALP A Mariña-Ortegal puxo en marcha 128 proxectos cunha axuda pública de máis de 5 millóns de euros, seguido polo GALP Golfo Ártabro-Norte, con 125 proxectos e unha axuda pública de arredor de 4 millóns de euros e polo GALP ría de Arousa con 96 proxectos cun valor de subvención de máis de 5,4 millóns de euros.

Ao GALP ría de Pontevedra correspóndenlle 79 proxectos apoiados con máis de 4 millóns de euros de axuda, ao de Seo de Fisterra e ría de Muros e Noia 67 iniciativas subvencionadas por un importe de máis de 7 millóns de euros, e o da ría de Vigo-A Guarda puxo en marcha 66 proxectos cunha axuda pública de máis de 3,4 millóns de euros. Ademais, o GALP Costa da Morte desenvolveu 51 proxectos cunha subvención de preto de 5,3 millóns de euros e ao grupo Golfo Ártabro Sur correspóndenlle 49 iniciativas cunha axuda pública de preto de 3 millóns de euros.

Exemplo destes proxectos foron os galardoados nos III Premios Economía Azul celebrados recentemente: *Acondicionamento do espazo da lonxa de Portonovo para a mellora do uso turístico e comercial implantando novas tecnoloxías – enLonxaTour* ao abeiro do GALP Ría de Pontevedra; *Creación da aula do mar A Mariña*, impulsado polo GALP A Mariña-Ortega; *Producción de algas comestibles das Rías Baixas galegas*, amparado polo GALP Ría de Vigo-A Guarda; e *Centro de transformación do lixo mariño*, do GALP Seo de Fisterra Ría de Muros-Noia Costa Sostible.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA